



RECURSOS PARA A AVALIACIÓN

Lingua

Táboa de contidos

Presentación	3
Recursos para a avaliación inicial	5
Recursos para as avaliacións periódicas	31
– Avaliación por unidades	32
– Avaliación trimestral	92
– Avaliación final	104



Lingua 6 Recursos para a avaliación é unha obra colectiva concibida, creada e realizada no Departamento de Primaria de Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L., baixo a dirección de HENRIQUE JUAN REDAL e ANA MARÍA GUERRA CAÑIZO.

Texto: Ánxela Carril e Xoán Manoel L. Bendaña

Ilustración: Ada García

Corrección: Luz Cures, Antón Palacio e Natalia Vázquez

Composición, confección e montaxe: Ester Marín e Victoria Lucas

Edición: Afonso Toimil Castro

© 2009 by Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.
Entrecercas, 2. Santiago de Compostela
PRINTED IN SPAIN
Impreso en España por

CP: 131334
Depósito legal:

Esta obra está protexida polas leis de dereitos de autor e a súa propiedade intelectual correspóndelle a Obradoiro / Santillana. Os usuarios lexítimos da obra só están autorizados a facerlle fotocopias para usalas como material de aula. Queda prohibida calquera outra utilización, especialmente a que teña fins comerciais.

Presentación

Co fin de dar apoio á tarefa dos docentes, neste volume ofrécense os seguintes recursos:

- 1. Recursos para a avaliación inicial.** Nesta sección preséntanse instrumentos diversos para que os docentes, durante as primeiras semanas do curso, aprecien a situación de partida dos seus alumnos. Neste apartado inclúense:
 - 2. Criterios de avaliación.** Son os indicadores do nivel en que se debe atopar o alumno ao comezar sexto de primaria. Para facilitar unha avaliación completa, estes criterios están clasificados en sete bloques: *expresión oral, lectura, comprensión lectora, gramática, ortografía, expresión escrita e vocabulario.*
 - **Suxestións de actividades.** Son propostas para axudar o profesor a facer unha valoración do punto de partida do alumnado mediante a observación directa. Estas actividades poden levarse a cabo de xeito individual, por grupos ou con toda a clase e preséntanse relacionadas cos criterios de avaliación.
 - **Probas escritas.** Trátase de fichas fotocopiabes para a avaliación individual, que permiten saber o estado do alumno respecto a cada un dos criterios de avaliación establecidos antes. Hai unha proba de dúas páxinas para cada un dos sete bloques, co fin de incorporar todos os contidos e de realizar a avaliación inicial como un proceso e non como un momento concreto.
 - **Formulario de rexistro persoal.** Consiste nun folio fotocopiabes para deixar constancia do resultado da valoración de cada alumno.
 - **Solucións.** Son as respostas das probas escritas.

2. Recursos para a avaliación das unidades. Esta sección contén instrumentos para facer un seguimento dos alumnos ao longo de todo o curso. Para cada unidade preséntanse os seguintes elementos:

- **Control.** Trátase dunha ficha de dúas páxinas con 10 actividades variadas para facer un repaso dos contidos máis importantes da unidade.
- **Proba de tipo test.** É unha ficha dunha páxina con 10 preguntas de opción múltiple que permiten levar a cabo unha avaliación rápida. A natureza deste tipo de preguntas fai que a proba se oriente maioritariamente cara aos contidos conceptuais máis relevantes. Tamén pretende habituar os alumnos a realizar outros tipos de probas de avaliación.
- **Criterios de avaliación.** É a enumeración dos criterios de avaliación en relación coas actividades das probas anteriores.
- **Solucións.** Preséntanse as respostas das fichas de control e das probas de tipo test.

3. Avaliacións trimestrais. Nesta sección inclúense probas para avaliar os alumnos á fin de cada trimestre. Da mesma maneira ca na avaliación por unidades, inclúese:

- **Avaliación trimestral.** Consiste en dúas páxinas con actividades variadas que inciden nalgúns dos contidos máis importantes.
- **Proba de tipo test.** É unha páxina con preguntas de opción múltiple.
- **Solucións.** Mostra as respostas das probas trimestrais.

4. Avaliación final. Para os docentes que estean interesados nunha proba global ao final do curso, incluíronse dúas probas (unha con actividades variadas e outra de tipo test), coas respostas correspondentes.

Recursos para a avaliación inicial

- Suxestións para a avaliación inicial
- Probas:
 1. Expresión oral
 2. Lectura
 3. Comprensión lectora
 4. Gramática
 5. Ortografía
 6. Expresión escrita
 7. Vocabulario
- Rexistro individual

Criterios e suxestións para a avaliación inicial de Lingua 6.º

Criterios	Actividades probas escritas	Suxestións
Expresión oral		
<ul style="list-style-type: none"> • Comprende diversos tipos de mensaxes orais. 	1, 2, 3, 4, 5	<ul style="list-style-type: none"> • Propoña un tema para que os alumnos o debatan oralmente. Para facelo, divídaos en dous grupos e pídalle a cada un que prepare unha lista cos argumentos para defender a súa postura. Para rematar, cada grupo expoñerá os seus argumentos e o outro rebateráos cos seus. Procure que respecten as quendas de palabra. • Insista na lectura dos textos literarios proporcionados e doutros que lles permitan facer unha recitación expresiva.
<ul style="list-style-type: none"> • Nas intervencións orais emprega o ritmo e o vocabulario adecuados. 		
<ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia e ento a correctamente. 		
<ul style="list-style-type: none"> • Fala dunha maneira expresiva. 		
Lectura		
<ul style="list-style-type: none"> • Le diversos tipos de textos e comprende o contido. 	Lecturas: <ul style="list-style-type: none"> • <i>Os fantasmas de cor rosa.</i> • <i>Os remedios de santo Antón.</i> • <i>Unha raposa espelida.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • Un dos aspectos que máis inflúen na calidade da lectura é a vocalización correcta. Para facelo, poña atención na pronuncia clara e completa das palabras: como distinguir os sons e articular as vogais de maneira diferenciada. • Practique a entoación e o ritmo con textos dialogados e narrativos que conteñan diálogos. Tamén son moi útiles os textos líricos, xa que conteñen máis matices e adoitan presentar unha complexidade sintáctica máis grande.
<ul style="list-style-type: none"> • Aplica correctamente os signos de entoación e de puntuación para dar sentido á lectura. 		
<ul style="list-style-type: none"> • Le sen tatear, co ritmo adecuado e cunha entoación correcta. 		
Comprensión lectora		
<ul style="list-style-type: none"> • Obtén información literal dun texto. 	Comprensión lectora de: <ul style="list-style-type: none"> • <i>Os fantasmas de cor rosa.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • As fichas de comprensión lectora están directamente relacionadas con cada unha das lecturas propostas.
<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece as ideas principais e as secundarias que aparecen nun texto. 		

Criterios	Actividades probas escritas	Suxestións
<ul style="list-style-type: none"> • Deduce polo contexto o significado de palabras descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Os remedios de santo Antón.</i> • <i>Unha raposa espelida.</i> 	<p>Ademais, pode levar a cabo actividades diversas antes, durante e despois da lectura, dirixidas a anticipar consecuencias, a realizar inferencias a partir do título do texto ou da lectura dun dos parágrafos, a elaborar debuxos e resumos, a cambiar os finais, a dramatizar algunhas escenas...</p>
Gramática		
<ul style="list-style-type: none"> • Comprende o concepto de linguaxe e diferenza a linguaxe escrita e a oral. 	1	<ul style="list-style-type: none"> • Para contrarrestar a idea de que a linguaxe é a única forma de comunicación, pídalles aos alumnos que expliquen o significado dos exemplos de comunicación seguintes e que indiquen de que se serven as persoas para comunicarse en cada caso: <ul style="list-style-type: none"> – Un rapaz chíscalle o ollo a un compañeiro (complicidade; xestos). – O asubío dunha locomotora (avisa da chegada ou da saída do tren; sons). – Unha bandeira verde na praia (permítese o baño; sinais visuais).
<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as diversas clases de substantivos. 	2	<ul style="list-style-type: none"> • Forme seis grupos de alumnos e asigne a cada grupo un tipo de substantivo: común, propio, individual, colectivo, concreto e abstracto. A continuación, escriba un substantivo no encerado e pídlle a un alumno que escolla un membro de cada grupo segundo o tipo de substantivo que sexa. Por exemplo, se escribe o nome <i>can</i> terá que escoller un membro do grupo común, outro do grupo concreto e outro do grupo individual. Pídalles aos compañeiros que o corrixan se se equivoca.
<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza os adxectivos en diversos graos e fai as concordancias necesarias co substantivo. 	3	<ul style="list-style-type: none"> • Aproveite os substantivos que escribiu no encerado na actividade anterior para pedirles aos alumnos que os copien acompañados de adxectivos que concorden con eles. Para rematar, que escriban estes adxectivos en graos diferentes.

Criterios	Actividades probas escritas	Suxestións
<ul style="list-style-type: none"> Recoñece diversas clases de palabras: substantivos, adxectivos, verbos, artigos e pronomes persoais. 	2, 3, 4	<ul style="list-style-type: none"> Fotocopie un texto sinxelo e repártallo aos alumnos para que localicen cinco substantivos, cinco adxectivos, cinco verbos, cinco artigos e tres pronomes persoais. Propóñalles aos alumnos que xoguen ao xogo das Categorías. Para facelo, pídalles que debuxen unha táboa coma esta: Letra Substantivo Adxectivo Verbo <p>Dígalles algunhas letras e que escriban substantivos, adxectivos e verbos que comecen por cada unha.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Analiza formas verbais e conxúgaas correctamente. 	5, 6, 7	<ul style="list-style-type: none"> Escriba no encerado a oración “Tomé lavaré os pratos” e, seguidamente, fórmulle as preguntas seguintes: que palabra desta oración expresa a acción?; que tipo de palabra é: artigo, verbo ou substantivo?; saberías separar a raíz e a desinencia da forma verbal <i>lavaré</i>?; cal é o infinitivo de <i>lavaré</i>?, a que conxugación pertence?, por que?
Ortografía		
<ul style="list-style-type: none"> Escribe correctamente palabras con c, z, g, gu, gü, r e rr. 	1	<ul style="list-style-type: none"> Para avaliar o nivel ortográfico dos alumnos, o máis práctico é realizar algúns ditados breves. Para facelo, pode seguir esta secuencia de traballo: <ul style="list-style-type: none"> Lea en voz alta o texto do ditado e asegúrese de que os alumnos coñecen o significado de todas as palabras que nel aparecen. Dite o texto. Pídalle a cada rapaz que lea o que escribiu e que corrixa o texto cando o crea conveniente. Escriba o texto do ditado no encerado para que sexan os mesmos alumnos os que corrixan os seus escritos.
<ul style="list-style-type: none"> Divide as palabras en sílabas e escribe o acento nas palabras que o necesitan. 	2, 3, 4, 5, 6	
<ul style="list-style-type: none"> Emprega correctamente os signos de puntuación. 	7, 8, 9	

Exposición escrita		
<ul style="list-style-type: none"> • Redacta diversos tipos de textos respectando as normas gramaticais e ortográficas. 	1, 2, 3, 4	<ul style="list-style-type: none"> • Propóñalles aos alumnos que redacten un texto en que expliquen algunha anécdota que lles ocorrese durante as vacacións. Lémbrelles que deben seguir os pasos axeitados: planificación do texto, redacción e revisión. • Pídalles aos alumnos que miren pola ventá e que escriban unha descrición detallada do que ven. Explíquelles que terán que fixarse no que ven en primeiro termo e no que se ve no fondo. • Suxíralles aos alumnos que corrixan os traballos entre eles, por parellas.
<ul style="list-style-type: none"> • Produce os textos seguindo uns pasos precisos: planificación, redacción e revisión. 		
<ul style="list-style-type: none"> • Escribe oracións independentes con sentido completo. 		
Vocabulario		
<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e utiliza sinónimos e antónimos, palabras simples e palabras compostas, e palabras polisémicas. 	1, 7, 8, 9	<ul style="list-style-type: none"> • Propóñalles aos alumnos un xogo por parellas: escribirán oracións con diferentes requisitos. Por exemplo, unha oración en que haxa unha palabra polisémica; unha oración en que haxa palabras compostas ou sinónimas... Cada parella escribirá oracións que se axusten a estes criterios e, despois dun tempo fixado, leranas en voz alta para corrixilas entre todos.
<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece os prefixos e os sufixos. 	2, 3, 4	<ul style="list-style-type: none"> • Escriba no encerado diversas palabras con prefixos e sufixos e pídalles aos alumnos que as clasifiquen segundo leven prefixo ou sufixo. Tamén convén que indiquen o significado destes morfemas.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñece as regras de creación das siglas. 	5	<ul style="list-style-type: none"> • Suxíralles aos rapaces e ás rapazas que busquen siglas en diarios e revistas e que leven os anacos á clase para analízalas.
<ul style="list-style-type: none"> • Forma campos léxicos e semánticos. 	6	<ul style="list-style-type: none"> • Anime os alumnos a crear entre todos listas de palabras que forman campos léxicos e semánticos: as cores, nomes de países ou de cidades...
<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o dicionario para buscar o significado das palabras. 	9	<ul style="list-style-type: none"> • Pídalles aos alumnos que expliquen coas súas palabras o que significan diversas palabras. Para rematar, contrastarán as súas definicións coas do dicionario.

Nome _____ Data _____

1. Conta oralmente unha experiencia que vivises este verán.

■ **Antes, elabora un guión cos datos máis relevantes.**

- Cando foi?

- Onde foi?

- Que pasou?

- Que che pareceu a experiencia?

2. Comenta cos teus compañeiros a última película que viches.

■ **Para preparar o comentario, completa a seguinte ficha.**

TÍTULO DA PELÍCULA

ARGUMENTO

O QUE ME GUSTOU DA PELÍCULA

O QUE NON ME GUSTOU DA PELÍCULA

VALORACIÓN GLOBAL

3. Expressa a túa opinión sobre un tema en concreto.

- Primeiro, decide o tema.

- Expón por escrito a túa postura.

- Pensa tres argumentos para defender a túa postura.

1. _____

2. _____

3. _____

- Finalmente, expresa a opinión en voz alta. Lembra que deberás utilizar expresións como *eu creo que...*, *paréceme que...*, etc.

4. Le o trabalinguas cada vez máis á présa.

Gancho reviragancho, que tanto revigarancheaches,
deixa que te desreviraganchee
con este desreviraganchiño que teño
para desreviraganchear ganchos reviragancheados
nas ramas do carballal.


5. Recita o poema seguinte enfatizando o ritmo e a rima.

Ao pasar por Camariñas

Ao pasar por Camariñas,
por Camariñas pasei cantando.
Ao pasar por Camariñas,
por Camariñas pasei cantando.
As nenas de Camariñas
quedan no río, quedan lavando.
As nenas de Camariñas
quedan no río, quedan lavando.
Camariñas Camariñas,
hai que sabelas camariñando.
Camariñas Camariñas,
hai que sabelas camariñando.
Por unha de Camariñas
vivo no mundo, vivo penando.
Por unha de Camariñas
vivo no mundo penando.

Miña Virxiña do monte,
que os mariñeiros sempre vixían,
miña Virxiña do monte,
que os mariñeiros sempre vixían,
non permitades que morra
lonxe da miña terriña.
Non permitades que morra
lonxe da miña terriña.

POPULAR



Nome _____ Data _____

Os fantasmas de cor rosa

Filiberto e Faustino eran dous fantasmas simpáticos e listos que sempre estaban xogando e rindo. Eran altos e delgados e, coma todos os fantasmas, levaban o corpo cuberto cunha saba.

A Filiberto e Faustino, o que máis lles gustaba era escudriñalo todo e, talvez por iso, as súas falcatruadas coñecíanse por toda a bisbarra.

A súa nai, Filomena, mirábaos de esguello e rosmaba:

– Ai, ai, ai, ai, estes fillos meus só pensan en facer maldades! Cando lles virá o sentido?

Unha noite que Filomena saíra, os dous fantasmas comezaron a rebuscar por todos os recunchos, baúis, maletas e bolsas que había no soto onde vivían. E velaí que:

–Ei, Filiberto, ven ver o que descubrín!

–Uau, que vestidos máis estraños! Poden ser disfraces?

Faustino abriu un baúl onde había unha gran cantidade de pezas de roupa vella dos amos da mansión.

Nun tris, Filiberto vestiuse cun chaqué e puxo un sombreiro de copa na cabeza, e Faustino puxo un vestido de noite.

Filomena entrou naquel momento e, cando os viu, comezou a berrar, morta de medo:

–Os humanos, son os humanos!

Os fantasmañas, ao decatárense, explicáronlle o que pasara.

–É que me queriades matar? Polo si ou polo non, cada día teño que tomar unha infusión de tila –protestou Filomena.

A nai estaba moi preocupada pola curiosidade dos fillos e advertiulles do perigo que corrían se se topaban coas persoas.

Con todo, unha noite de lúa chea, Filiberto e Faustino decidiron pasar ás estancias dos habitantes da casa e velaquí que, cando se atopaban na cociña, entrou a criada. Sen pensalo dúas veces, os fantasmas agacháronse dentro da lavadora.

–Cada vez fállame máis a memoria –dixo a criada–. Mira que esquecerme de poñer a lavar o xerseí vermello da señora!

E velaquí que meteu o xerseí na lavadora e a puxo en marcha. Mi madriña, que marusía! Aquela máquina infernal daba voltas sen compaixón e os fantasmas, sen saber qué pasaba, coidaban que acababa o mundo.

Facendo un grande esforzo atravesaron as paredes da máquina e deron saído. Pero, cando os dous se miraron, comprobaron que cambiaran de cor. Espantadísimos, regresaron ao seu refuxio subterráneo deixando un rastro de pingas rosas.

MERCEDES VIANA, *O fantasma medoso de Vineifuig* (Adaptación)

Nome _____ Data _____

1. Contesta.

- Quen é a nai dos fantasmas?

- Por que está tan preocupada?

- Que atoparon Filiberto e Faustino cando rebuscaron no soto?



- Que decidiron os fantasmas unha noite de lúa chea?

- Por que os fantasmas cambiaron de cor? De que cor quedaron?

2. Escribe diante de cada frase o personaxe que a dixo.

- _____ ▶ –Ai, ai, ai, ai, estes fillos meus só pensan en facer maldades!
- _____ ▶ –Ei, Filiberto, ven ver o que descubrín!
- _____ ▶ –Uau, que vestidos máis estraños! Poden ser disfraces?
- _____ ▶ –Os humanos, son os humanos!
- _____ ▶ –Cada vez fállame máis a memoria.

3. Busca no dicionario a palabra *marusía* e arrodea. Onde a hai?



Nome _____ Data _____

Os remedios de santo Antón

Froilán, o equilibrista do circo, camiñaba por un cable tendido, a trinta metros da terra, suxeitando unha longa vara que utilizaba para manter o equilibrio. Atentos á súa traxectoria, había alí uns cinco mil espectadores coa boca aberta. Xusto na metade do percorrido, apareceu un pardal que voaba sobre o toldo do circo e colocouse nun extremo da vara. O seu peso desequilibrou a Froilán, que comezou a vacilar perigosamente enriba do cable. Daquela, pechou os ollos e pensou: «Santos do ceo, valédeme!».

Por desgraza para el, no Servizo de Urgencias do Ceo estaba de garda santo Antón, que era santo máis polo seu carácter inxenuo ca pola sabedoría que posuía. O seu razoamento foi o seguinte:

–Se un pardal nun extremo lle fai perder o equilibrio, un pardal no outro equilibrarao.

E daquela apareceu un novo pardal. O público, ao velo, creu que se trataba dunha actuación preparada e aplaudiu entusiasmado. Pero, deseguida, sentiuse un murmuro de horror, xa que santo Antón enviara un pardal femia que fascinou o pardal, e este izou o voo para pousarse a carón dela.

–Santos do ceo, valédeme! –volveu invocar Froilán, que agora se atopaba nunha situación máis difícil aínda.

Santo Antón volveuno oír e esta vez decidiu enviar unha pomba para que equilibrase o peso dos dous pardais. Pero cando a pomba se pousou ao outro lado da vara, o período de cortexo dos pardais xa rematara e os namorados comezaron un longo voo nupcial. Agora, o contrapeso da pomba xa non tiña sentido, e a santo Antón non se lle ocorreu máis ca facer aparecer un gato para facer fuxir a pomba. Pero cando o felino se foi pousar no extremo da vara, deu un chimplo e agarrouse coas poutas afiadas no lugar máis seguro que topou: o cu de Froilán, que imploraba para que o gato o deixase.

Unha vez máis, o santo sentiu a súplica do artista e enviou un can. Coma o gato non fixera caso da pomba, o can tampouco o fixo do gato e ladraba morto de medo intentando manter o equilibrio. Froilán, desesperadiño, implorou definitivamente:

–Santos do ceo, valédeme ou lánzome ao baleiro e acabouse!

Afortunadamente, naquel instante acababa a quenda de garda de santo Antón e comezaba a de santo Ulises, que botou unha ollada e decidiu facer unha intervención extraordinaria: transformouse en serpe e enrolou, coma unha corda, os pés de Froilán ao cable de aceiro.

Froilán prefería antes facer un furado na terra coa cabeza ca quedar anoado a unha serpe. Así que soltou a vara e deixouse caer. Os animais desapareceron antes de tocar terra, porque eran unha invención de santo Antón. Pero, e Froilán? Aínda estaba colgado cabeza abaixo, cos pés unidos ao cable coa serpe. Despois, esta comezou a desanoarse e pousouno suavemente no chan.

O público do circo, coa boca aberta, rompeu a aplaudir calorosamente.

ROBERTO PIUMINI, *Contos do horizonte* (Adaptación)

Nome _____ Data _____

1. Explica quen era Froilán.

2. Contesta.

- Que outros dous personaxes aparecen na historia?

- Que teñen en común? En que se diferencian?

3. Clasifica estes adxectivos segundo o santo ao que lle acaen mellor.

astuto desafortunado inxenuo espelido enxeñoso despistado

Santo Antón	Santo Ulises
<p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p>	<p>_____</p> <p>_____</p> <p>_____</p>

4. Completa coa resposta correcta.

- Froilán camiña...

... por un cable tendido.

... por enriba dun valado.

- Xusto na metade do percorrido...

... aparece un pardal.

... éntranlle ganas de tusir.

- Pecha os ollos e pensa:

«Santos do ceo, valédeme!»

«Desta non saio!»

- Froilán baixou ao chan grazas a...

santo Antón.

santo Ulises.

5. Nomea, por orde de aparición, os animais que saen no texto.

6. Contesta. Que quere dicir que o público quedou *coa boca aberta*?

Nome _____ Data _____

Unha raposa espelida

Unha vez, a raposa ía coa gacela ao bosque a buscar algunha cousa para comer e chegaron a unha árbore medio morta. A raposa explicoulle á gacela que estaba chea de mel e que podían comer todo o que quixesen, porque era seu.

O único que tiñan que facer era espantar as abellas que alí traballaban. Coas pólas máis baixas fixeron unha fogueira e, co fume, as abellas marcharon rapidamente para non afogar. A raposa e a gacela colleron unha enchente, ata que pasou un león.

–Que facedes aí, comendo o meu mel?

A gacela, que non sabía que a raposa a enganara, preguntou:

–Que podemos facer agora?

–Eu collerei a leña que queda para preparar unha trampa, e ti espántalo co fume da fogueira –contestou a raposa. Pero o león saltou por enriba da leña acesa, atrapou a gacela e devorouna mentres a raposa escapaba.

O león buscouna durante moitos días, ata que finalmente atopou o tobo da raposa. Estaba baleiro, e decidiu agardala dentro, para darlle o seu castigo. Cando volveu a raposa espelida, dixo:

–Bo día, casiña, volvín! Que pasa que non contestas para dar-me a benvida?

O león caeu na trampa e, para que a raposa non sospeitase, respondeu afinando a voz:

–Bo día! Bo día!

E así a raposa soubo que a agardaba o león, e díxolle:

–Desde cando, león, falan as casas?

E arrincou a correr tan rapidamente que o león non a deu collido. Correu e correu ata que a sede a fixo parar para beber auga dun pozo. Meteuse no caldeiro que había alí enganchado na corda e deixouse caer para chegar á auga. Bebeu ata que non puido máis, sen pensar como faría para subir. Daquela viu que unha hiena a observaba atentamente desde a boca do pozo. E a hiena preguntoulle:

–Que fas aí, irmá raposa?

–Acabo de comer un bo anaco de manteiga. Aínda queda moita, pero estou tan farta que non me cabe máis. Quérela ti?

A hiena mirou cara abaixo e viu que enriba da auga flotaba unha cousa grande e redonda (que en realidade era o reflexo da lúa), e preguntoulle como podía baixar.

–É moi fácil! Métete no caldeiro que hai no outro cabo da corda.

E a hiena meteuse no caldeiro sen pensalo, de xeito que, polo contrapeso, a raposa puido subir sen facer case esforzo. Cando estivo arriba, saíu do pozo dun salto e deixou a hiena dentro do pozo. Que mirase de buscar unha maneira de saír de alí!

E vendo como era de espelida, o león decidiu facerse amigo da raposa e propúxolle que, daquela en diante, fosen cazar xuntos.

ROSA VILA, *Unha raposa espelida* (Adaptación)

Nome _____ Data _____

1. Explica a proposta que lle fai a raposa a cada un dos outros animais.

2. Marca. Como era a raposa?

astuta xenerosa mentireira sincera

3. Indica o personaxe que dixo cada unha destas frases.

Que podemos
facer agora?



Que fas aí,
irmá?



Desde cando, león,
falan as casas?



4. Marca a oración que resume mellor o significado global do conto.

- Con boa vontade conséguense moitas cousas.
 Para ter amigos, débese ser tan astuto coma unha raposa.
 Neste mundo só sobreviven os espelidos.
 A unión fai a forza.

5. Contesta. Cal é a maneira de actuar da raposa para saír coa súa?

Nome _____ Data _____

1. Escribe dúas situacións en que utilices a linguaxe oral e dúas máis en que utilices a linguaxe escrita.

- Linguaxe oral ▶ _____

- Linguaxe escrita ▶ _____

2. Subliña os substantivos que aparecen neste texto.

De mañá

Fernando é un granxeiro e vive coa súa familia nunha aldea chamada Vilaboa. Todas as mañás, Fernando dálles de comer aos animais e despois vai á horta a sachar e angazar a herba. Hoxe, mentres traballaba, o granxeiro mirou o ceo e viu unha bandada de andoriñas que emigraban a África. Logo chegará o inverno!



■ Agora copia tres exemplos de cada caso.

substantivos comúns	substantivos propios	substantivos colectivos
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

3. Como son Uxía e Brais? Descríbeos usando adxectivos en grao comparativo.



■ Forma o superlativo destes adxectivos.

- rápido ▶ _____
- estreita ▶ _____
- forte ▶ _____
- grande ▶ _____
- amplo ▶ _____
- novos ▶ _____

4. Escribe tres exemplos máis de cada categoría.

- SUBSTANTIVO ▶ libro, _____
- ADXECTIVO ▶ branco, _____
- VERBO ▶ cantar, _____
- ARTIGO ▶ os, _____
- PRONOME PERSOAL ▶ ela, _____

5. Analiza as formas verbais seguintes.

	infinitivo	conxugación	persoa	número
temen				
posúes				
fala				
aprenden				
pecho				
dorme				

6. Completa cunha forma do subxuntivo en cada caso.

- ordenar ▶ Pedíronme que _____ o meu cuarto.
- comprar ▶ Creo que é mellor que o _____ ti.
- vir ▶ Dille que _____ este serán á miña casa.

7. Escribe cada forma verbal onde corresponda.

- temían
- perdeu
- cantou
- batese
- durmise
- serviu
- esquecía
- traballe
- andase
- fale
- dicía
- saiba

Pret. perfecto de indicativo	Pret. imperfecto de indicativo	Presente de subxuntivo	Pret. imperfecto de subxuntivo
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

Nome _____ Data _____

1. Completa estas palabras coa grafía correspondente (c, z, qu, g, gu, gü, r, rr).

- bis_oito • masti_a_ • _a__eixa • _oupa_ • _a_o
- se_i_ • ané_dota • espa_o • _eixo • doen_a
- apa_e_e_ • _obelete • lin_ísti_a • _o_iña • a_ela_

2. Divide en sílabas estas palabras e pon acento onde cumpra.

- aparecer ▶ _____ • remei ▶ _____
- andou ▶ _____ • cociñarei ▶ _____
- acuifero ▶ _____ • afastar ▶ _____
- coñecen ▶ _____ • lampada ▶ _____

3. Observa as indicacións e escribe unha palabra para cada unha.

- Unha palabra aguda cun **e** acentuado ▶ _____
- Unha palabra grave cun dígrafo e sen acento ▶ _____
- Unha palabra esdrúxula cun **e** acentuado ▶ _____
- Unha palabra aguda cun dígrafo e un **a** acentuado ▶ _____
- Unha palabra grave cun **u** acentuado ▶ _____

■ Di por que se acentúan as palabras anteriores.

- **e** ▶ _____ • **e** ▶ _____
- **a** ▶ _____ • **u** ▶ _____

4. Acentúa as palabras que corresponda e clasifícaas na táboa.

- funis • animais • maxico • táctil • album
- promesa • correr • exame • búfalo • fórmula
- fácil • cantidade • canción • restrinxir • irma

agudas		graves		esdrúxulas
Con acento	sen acento	Con acento	sen acento	Con acento
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____

5. Escribe unha oración con cada parella de palabras.

- do / dó ▶ _____
- pe / pé ▶ _____
- ma / má ▶ _____
- te / té ▶ _____

6. Arrodea a forma que debes escribir en cada caso.

- Para ir á / ao hospital tes que pasar pola / polo avenida nova.
- Xa chegou a / á hora de saír de a / da illa.
- Os amigos de os / dos meus irmáns estudan á / na universidade.

7. Copia o texto e escribe coma, punto e coma ou dous puntos onde cumpra.

Ben cargada

A miña mochila leva de todo ___ un estoxo con rotuladores ___ bolígrafos ___ lapis ___ goma e afialapis ___ os dicionarios de galego ___ de castelán e de inglés ___ e, ademais ___ todos os libros da escola e un bocadillo.

8. Que levas ti na mochila? Escríbeo empregando os dous puntos, a coma e o punto e coma.

9. Marca que signo empregarías en cada caso.

Signo de exclamación

Signo de interrogación

- Para preguntar a hora.
- Para mostrar sorpresa.
- Para saber onde hai un museo.
- Para expresar alegría

Nome _____ Data _____

1. Observa esta paisaxe e elabora unha descrición detallada, seguindo a estrutura indicada.

Ao fondo →

Segundo plano →

Primeiro plano →



2. Escribe un diálogo entre un turista e un habitante da aldea da imaxe. Non esquezas os guións.

3. Completa o formulario seguinte e escribe un texto para poñer un anuncio.

- Le con atención as indicacións do pé.

FORMULARIO PARA CONTRATAR UN ANUNCIO POR PALABRAS	
Data _____	
Apelidos e nome _____	
Domicilio _____	
Localidade _____	Código postal _____
Tipo de operación	
<input type="checkbox"/> Alugamento <input type="checkbox"/> Empréstito <input type="checkbox"/> Compra <input type="checkbox"/> Venda <input type="checkbox"/> Intercambio	
Texto do anuncio	

INDICACIÓNS	
<ul style="list-style-type: none">• Cubride o formulario con letras maiúsculas.• Non borredes nin risquedes nada.	<ul style="list-style-type: none">• Especificade a operación e o nome do produto.• Non esquezades poñer un número de teléfono de contacto.

4. Le o texto seguinte e completa a ficha resumo.

O crómlech de Stonehenge

É unha construción de pedras que se atopa en Gran Bretaña. Construíuse, aproximadamente, no ano 3.000 a. C.

Trátase de 60 monólitos xigantescos de pedra dispostos en circunferencia, no interior dos cales hai outro grupo tamén circular de dolmens. Pensábase que servía de santuario ou templo para o culto dalgún deus primitivo.

No ano 1963, unhas investigacións descubriron que servía de observatorio celeste e permitía determinar os movementos do Sol e da Lúa, e as eclipses.

Monumento ▶ _____

Localización ▶ _____

Data de construción ▶ _____

Descrición ▶ _____

Utilidades ▶ _____

Nome _____ Data _____

1. Completa a táboa cunha palabra de cada tipo.

	palabra sinónima	palabra antónima
falar		
ledo		
escuro		
coñecer		
final		

2. Escribe dúas palabras con cada prefixo.

- re- ▶ _____
- in- ▶ _____
- sub- ▶ _____
- extra- ▶ _____

3. Arrodea as palabras que leven sufixo.

- falador • xogador • calor • lume • peixeira
- matinar • libro • xastraría • diñeiro • carniceiro

4. Escribe de novo cada palabra cun sufixo aumentativo e cun sufixo diminutivo.

	aumentativo	diminutivo
falador		
xogador		
peixeira		
carniceiro		
casa		

5. Inventa nomes que poidan responder ás siglas seguintes.

- CVT ▶ _____
- DAM ▶ _____
- AVS ▶ _____
- MTU ▶ _____

6. Arrodea da mesma cor as palabras que pertencen ao mesmo campo semántico.

Negro → o mar



Verde → o coche

Azul → o deporte

- polbo • roda • portaría • canastra • coral
- motor • balón • onda • freo • sardiña
- árbitro • batería • marea • chifre • capó

7. Explica a diferenza entre as palabras simples e as palabras compostas, e pon exemplos de cada unha.

8. Escribe os nomes das seguintes palabras compostas.



9. Consulta o dicionario e escribe tres significados de cada unha destas palabras polisémicas.

raíz	1.
	2.
	3.
serra	1.
	2.
	3.
banco	1.
	2.
	3.

Registro individual para a avaliación inicial de Lingua 6

Nome _____ Data _____

Criterios	SI	NR*	Observacións
Expresión oral			
• Comprende diversos tipos de mensaxes orais.			
• Nas intervencións orais emprega o ritmo e o vocabulario adecuados.			
• Pronuncia e entoa correctamente.			
• Fala dunha maneira expresiva.			
Lectura			
• Le diversos tipos de textos e comprende o contido.			
• Aplica correctamente os signos de entoación e de puntuación para darlle sentido á lectura.			
• Le sen tatear, co ritmo adecuado e cunha entoación correcta.			
Comprensión lectora			
• Obtén información literal dun texto.			
• Recoñece as ideas principais e as secundarias que aparecen nun texto.			
• Deduce polo contexto o significado de palabras descoñecidas.			

Criterios	SI	NR*	Observacións
Gramática			
<ul style="list-style-type: none"> • Coñece as características da linguaxe escrita e da linguaxe oral. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece diversas clases de palabras: substantivos, adxectivos, verbos, artigos e pronomes persoais. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as diversas clases de substantivos. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza os adxectivos en diversos graos e fai as concordancias necesarias co substantivo. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Analiza formas verbais e conxúgaas correctamente. 			
Ortografía			
<ul style="list-style-type: none"> • Escribe correctamente palabras coas grafías c, x, qu, g, gu, gü, r, rr. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Divide as palabras en sílabas. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece os diversos tipos de acentos. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Escribe o acento nas palabras que o levan. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Coñece os usos básicos dos signos de puntuación. 			

Criterios	SI	NR*	Observacións
Expresión escrita			
<ul style="list-style-type: none"> • Redacta diversos tipos de textos vixiando as normas gramaticais e ortográficas. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Produce os textos seguindo pasos precisos: planificación, redacción e revisión. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Escribe oracións independentes con sentido completo. 			
Vocabulario			
<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e utiliza sinónimos e antónimos, palabras simples e palabras compostas, e palabras polisémicas. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece os prefixos e os sufixos. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Coñece as regras de creación das siglas. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Forma campos léxicos e semánticos. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o dicionario para buscar o significado das palabras. 			

NR: Necesita reforzo.

Solucións das probas de avaliación inicial

Comprensión lectora do texto *Os fantasmas de cor rosa*

1. • Filomena. / • Porque os fillos só pensan en facer maldades. / • Atoparon un baúl cheo de pezas de roupa. / • Os fantasmas decidiron ir ás estancias onde viven os habitantes da casa. / • Porque se agacharan na lavadora e a criada púxo a funcionar. Quedaron de cor rosa.
2. Filomena / Faustino / Filiberto / Filomena / A criada.
3. No debuxo da dereita.

Comprensión lectora do texto *Os remedios de santo Antón*

1. Froilán era un equilibrista de circo.
2. • Santo Antón e santo Ulises. / • Teñen en común que son dous santos, e diferéncianse en que santo Antón é inxenuo e despistado, mentres que santo Ulises é espelido e ten máis enxeño.
3. **Santo Antón:** desafortunado, inxenuo, despistado. / **Santo Ulises:** astuto, espelido, enxeñoso.
4. • Froilán camiña por un cable tendido. / • Xusto na metade do percorrido aparece un pardal. / • Pecha os ollos e pensa: «Santos do ceo, valédeme!» / • Froilán baixou ao chan grazas a santo Ulises.
5. No conto aparecen un pardal, un pardal femia, unha pomba, un gato, un can e unha serpe.
6. Que o público quedou coa boca aberta de admiración e sorpresa.

Comprensión lectora do texto *Unha raposa espelida*

1. A raposa proponlle á gacela comer o mel que hai nunha árbore morta, espantando as abellas que alí traballaban. E á hiena proponlle que baixe ao pozo dentro dun caldeiro para comer o anaco de manteiga que se supón que hai alí, que en realidade é o reflexo da lúa.
2. A raposa era astuta e mentireira.
3. • «Que podemos facer agora?»: a gacela. / • «Que fas aí, irmá raposa?»: a hiena. / • «Desde cando, león, falan as casas?»: a raposa.
4. Neste mundo só sobreviven os espelidos.
5. Para saír coa súa, a raposa sempre propón un plan que parece que beneficia a todos pero que, en realidade, só a beneficia a ela.

Gramática

1. Resposta modelo (R.M.). **Linguaxe oral:** conversa telefónica, exposición oral na clase / **Linguaxe escrita:** mensaxe electrónica, exame
2. mañá, Fernando, granxeiro, familia, vila, Vilaboa, mañás, Fernando, animais, horta, herba, granxeiro, ceo, bandada, andoriñas, África, inverno. ■ R.M. granxeiro, vila, mañás / Fernando, Vilaboa, África / familia, carballeira, bandada
3. R.M. Uxía é máis alta e delgada ca Brais, e Brais é máis gordo ca Uxía. ■ • rápido ► rapidísimo / • estreita ► estreitísima / • forte ► fortísimo / • grande ► grandísimo / • amplo ► amplísimo / • novos ► novísimos
4. Resposta libre (R. L.)
5. **temen:** temer, 2.^a conx., 3.^a persoa, plural / **posúes:** posuír, 3.^a conxugación, 2.^a persoa, singular / **fala:** falar, 1.^a conxugación, 3.^a persoa, singular / **aprenden:** aprender, 2.^a conxugación, 3.^a persoa, plural / **pecho:** pechar, 1.^a conxugación, 1.^a persoa, singular / **dorme:** durmir, 3.^a conxugación, 3.^a persoa, singular
6. • ordenase / • compres / • veña
7. **pret. perfecto de indicativo:** perdeu, cantou, serviu / **pret. imperfecto de indicativo:** temían, esquecía, dicía / **presente de subxuntivo:** traballe, fale, saiba / **pret. imperfecto de subxuntivo:** andase, batese, durmise.

Ortografía

1. biscoito, mastigar, carqueixa, zoupar, carro, seguir, anécdota, espazo, queixo, doenza, aparecer, gobelete, lingüística, cociña, aquelar
2. • a-pa-re-cer / • an-dou / • a-cu-í-fe-ro / • co-ñe-cen / • re-mei / • co-ci-ña-rei / • a-fas-tar / • lám-pa-da
3. R. L.
4. **agudas con acento:** funís, canción, irmá / **agudas sen acento:** animais, correr, restrinxir / **graves con acento:** fácil, táctil, álbum / **graves sen acento:** promesa, cantidade, exame / **esdrúxulas:** máxico, búfalo, fórmula
5. R. L.
6. Para ir **ao** hospital tes que pasar **pola** avenida nova. / • Xa chegou **a /á** hora de saír **da** illa. / • Os amigos **dos** meus irmáns estudan **na** universidade.
7. A mochila leva de todo: un estoxo con rotuladores, bolígrafos, lapis, goma e afialapis; os dicionarios de galego, de castelán e de inglés; e, ademais, todos os libros da escola e un bocadillo.
8. R. L.
9. • Para preguntar a hora: signo de interrogación / • Para mostrar sorpresa: signo de exclamación / • Para saber onde hai un museo: signo de interrogación / • Para expresar alegría: signo de exclamación.

Expresión escrita

1. R. L.
2. R. L.
3. R. L.
4. **Monumento:** O crómlech de Stonehenge / **Localización:** Gran Bretaña / **Data de construción:** Ano 3.000 a. C. / **Descrición:** 60 monólitos dispostos en circunferencia cun grupo de dolmens no medio. / **Utilidades:** de santuario, de templo e de observatorio celeste.

Vocabulario

1. R.M. • **falar:** conversar – calar / • **ledo:** contento – triste / • **escuro:** opaco – claro / • **coñecer:** saber – ignorar / • **final:** conclusión – principio
2. R. L.
3. • falador / • xogador / • peixeira / • xastraría / • carniceiro
4. R.M. • faladorazo , faladorciño / • xogadorazo , xogadoriño / • peixeiraza, peixeiriña / • carniceirazo, carniceiriño / • casiña, casaza
5. R. L.
6. • **o mar:** polbo, coral, onda, sardiña, marea / • **o coche:** roda, motor, freo, batería, capó / • **o deporte:** portaría, canastra, balón, árbitro, chifre
7. As palabras compostas son as que resultan da unión de dúas palabras, como *gardamallas*; as palabras simples, en cambio, compóñense dunha soa palabra, como *táboa*.
8. sacarrollas / pararraios / paracaídas
9. R.M. **raíz:** 1. Parte dunha planta que normalmente está baixo terra e crece en sentido contrario ao tronco. 2. Orixe ou causa dalgunha cousa. 3. En matemáticas, número que multiplicado por si mesmo diversas veces dá outro número. / **serra:** 1. Ferramenta con dentes para cortar madeira ou outros materiais. 2. Cadea de montañas. 3. Serradoiro, lugar onde se traballa coa madeira. / **banco:** 1. Asento longo e estreito onde poden sentar varias persoas. 2. Empresa que fai negocios cos cartos. 3. Grupo de moitos peixes da mesma clase que van xuntos.

Recursos para as avaliacións periódicas

Avaliación por unidades


Avaliación trimestral

Avaliación final

Nome _____ Data _____

1. Subliña os grupos nominais que atopas nestas oracións.

- A miña clase ten cinco ventás grandes.
- Algunhas amigas de Raquel queren facerlle un regalo.
- Estas laranxas grandes vainas mercar aí.
- Fixen unha torta de amorodos para ti.
- O aniversario de Pascual é mañá.



2. Constrúe catro grupos nominais utilizando un elemento de cada grupo.

- núcleos** queixo / bombóns / barca / táboas
- determinantes** a miña / o / estas / uns
- complementos** moi doces / de chapa / fresco / de vela

- _____
- _____
- _____
- _____

3. Escribe un grupo nominal para cada debuxo e arrodea o núcleo de cada un.



- _____
- _____
- _____

4. Subliña as palabras que comecen en maiúscula e cópiaas onde corresponda.

Un bo libro

Onte pola tarde presentaron o último libro de Pedro Gris, *Palabras encadeadas*. Trátase dunha novela interesante, ambientada na Pontevedra da década de 1970, e conta as relacións dun grupo de amigos que se reúnen nunha vella discoteca. Esperemos que teña moito éxito! O seu autor mereceo.

- Ao principio dun texto ▶ _____
- Despois de signos que pechan oracións ▶ _____
- En nomes propios ▶ _____
- En títulos de libros ▶ _____

5. Arrodea as palabras que son nomes propios e cópiaas con maiúscula inicial.

- cadeira • xoel • vigo • escola • lugo • saia
- antía • papeleira • diario • martiña • carreira • carlos

6. Copia as oracións seguintes poñendo as maiúsculas onde cumpra.

- a miña amiga xiana foi de viaxe a menorca.

- Fomos ao cine ver a película «vicky cristina barcelona».

- a autora de «follas novas» é rosalía de castro.

7. Escribe unha oración con cada palabra.

- cociñeiro ▶ _____
- saboroso ▶ _____
- cadeira ▶ _____
- mandil ▶ _____
- remexer ▶ _____

8. Explica as diferenzas entre as palabras primitivas e as palabras derivadas.

9. Destas palabras, subliña as que sexan primitivas e arrodea as derivadas.

- xogador • cociña • escolar • matinal • domingo • subir
- fume • corda • verdoso • pintar • soño • letra

10. Di de que palabra deriva cada unha destas.

- empapelar ▶ _____
- escurecer ▶ _____
- prerromano ▶ _____
- futbolista ▶ _____
- peixaría ▶ _____
- camiñar ▶ _____

Nome _____

Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. **Escríbense en maiúscula:**
 - a. os nomes comúns.
 - b. os nomes propios.
 - c. os nomes individuais.

2. **O núcleo do grupo nominal é:**
 - a. o substantivo.
 - b. o determinante.
 - c. o verbo.

3. **As palabras que non derivan de ningunha outra son:**
 - a. derivadas.
 - b. primitivas.
 - c. primeiras.

4. **O título de libro que está ben escrito é:**
 - a. A Illa do Tesouro.
 - b. a illa do Tesouro.
 - c. A illa do tesouro.

5. **Para dirixirte ao director da escola, escribirías:**
 - a. Ola, director: quería concertar unha entrevista contigo.
 - b. Señor director: quería concertar unha entrevista con vostede.
 - c. Señor director: quería concertar unha entrevista contigo.

6. **Entre outras palabras, fan a función de determinante:**
 - a. os verbos.
 - b. os artigos.
 - c. os substantivos.

7. **Unha palabra derivada de casa é:**
 - a. casco.
 - b. casarío.
 - c. castelo.

8. **Temos que escribir maiúscula sempre despois de:**
 - a. coma.
 - b. punto e coma.
 - c. punto.

9. **Ademais do núcleo, o grupo nominal está formado por:**
 - a. palabras que funcionen como demostrativos e como complementos.
 - b. palabras que funcionen como determinantes e como complementos.
 - c. palabras que funcionen como determinantes e como contidos.

10. **A palabra *saborosa* deriva de:**
 - a. saber.
 - b. sabor.
 - c. subir.

Unidade 1

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Identificar os grupos nominais e os elementos de que constan.	C	T				T			T	
• Construír grupos nominais coa estrutura correcta.		C	C							
• Utilizar as maiúsculas de forma adecuada.	T			C T	C	C		T		
• Coñecer o vocabulario relacionado coa cociña.							C			
• Recoñecer as palabras primitivas e as palabras derivadas.			T				T	C	C	T C
• Saber adaptar un texto ao destinatario.					T					

Solucións

Control

- A miña aula – cinco ventás grandes / • Algunhas amigas de Raquel – un regalo / • Estas laranxas grandes / • unha torta de amorodos / • O aniversario de Pascual
- o queixo fresco / • uns bombóns moi doces / • a miña barca de vela / • estas táboas de chapa
- R. L.
- Ao principio dun texto: Un, Onte / Despois de signos que pechan oracións: Trátase, Esperemos, O / • En nomes propios: Pedro, Gris, Pontevedra / En títulos de libros: Palabras
- Xoel / • Vigo / • Lugo / • Antía / • Martiña / • Carlos
- A miña amiga Xiana foi de viaxe a Menorca. / • Fomos ao cine ver a película «**Vicky Cristina Barcelona**». / • A autora de «Follas novas» é Rosalía de Castro.
- R. L.
- As palabras primitivas non derivan ningunha outra, mentres que as derivadas proveñen doutra.
- PRIMITIVAS: • cociña / • domingo / • subir / • fume / • corda / • soño / DERIVADAS: • xogador / • escolar / • matinal / • verdoso
- papel / • escuro / • romano / • fútbol / • peixe / • camiño

Test

- b. os nomes propios.
- a. o substantivo.
- b. primitivas.
- c. A illa do tesouro.
- b. Señor director: quería concertar unha entrevista con vostede.
- b. os artigos.
- a. casarío.
- c. punto.
- b. palabras que funcionen como determinantes e como complementos.
- b. sabor.

Nome _____ Data _____

1. Subliña os demostrativos que atopas nestas oracións.

- De quen son todos aqueles libros? • Pásame ese bolígrafo, por favor.
- Non sei que fai este pano no peto. • A túa casa é esta ou aquela?

2. Completa estas oracións cos demostrativos necesarios segundo a clase. Ten en conta o xénero e número.

▲ preto	• ▲ _____ ganso é meu e ◆ _____ de alá é do veciño.
◆ lonxe	• Non sabia que ◆ _____ vez o fixeras ti.
	• ▲ _____ donas non as coñeces, pero ◆ _____ homes, si.
	• Gústame máis ▲ _____ pantalóns ca ◆ _____ da tenda.

3. Completa o cadro dos demostrativos.

	Masc. singular	Masc. plural	Fem. singular	Fem. plural
proximidade				
distancia media				
afastamento				

4. Agrupa os demostrativos segundo o xénero e o número.

este	ese	estes	eses	esa
aquela	estas	esta	aquel	aquelas

5. Escribe, sempre que poidas, unha palabra que cumpra cada indicación.

- Unha palabra aguda acabada en ditongo ► _____
- Unha palabra grave acabada en -l ► _____
- Unha palabra grave acabada en -ps ► _____
- Unha palabra esdrúxula non acentuada ► _____
- Unha palabra aguda acabada en -en ► _____

6. Escribe os nomes destes animais. Coidado cos acentos.














7. Estas palabras non están acentuadas. Explica por que e pon como debería escribirse cada unha.

- cafes ▶ _____
- facil ▶ _____
- camion ▶ _____
- osixeno ▶ _____

8. Escribe o significado das seguintes palabras.

- famento ▶ _____
- precociñado ▶ _____
- dieta ▶ _____

9. Forma palabras novas engadindo prefixos.

anti- pre- re- in- extra- des-

- campaña ▶ _____
- adecuado ▶ _____
- ecolóxico ▶ _____
- terrestre ▶ _____
- acelerar ▶ _____
- modelar ▶ _____

10. Fíxate no hipopótamo da actividade 6 e descríbeo coma se o vises desde o alto.

Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. **Leva prefixo a palabra:**
a. retocar. b. remar. c. regalar.
2. **O demostrativo este indica:**
a. proximidade. b. distancia media. c. afastamento.
3. **As palabras agudas acentúanse:**
a. cando acaban en vogal ou en vogal seguida de **s, n** ou **ns**.
b. cando non acaban en vogal ou en vogal seguida de **s, n** ou **ns**.
c. sempre.
4. **Os demostrativos funcionan como complementos:**
a. cando van diante dos substantivos.
b. cando van detrás dos substantivos.
c. cando van no lugar dos substantivos.
5. **Cando unha persoa ten fame, dicimos que está:**
a. famosa. b. infame. c. famenta.
6. **A palabra *afrouxar* significa:**
a. alimentarse de froitas.
b. facer que algo estea máis solto.
c. sentirse alguén falto de forzas.
7. **O demostrativo funciona de núcleo do grupo nominal en:**
a. aquel libro é meu. b. aquel é o meu libro. c. o libro aquel é meu.
8. **Na palabra *precociñado*, o prefixo significa:**
a. cociñado antes. b. cociñado despois. c. cociñado outra vez.
9. **O demostrativo feminino plural que indica proximidade é:**
a. aquelas. b. estes. c. estas.
10. **A palabra *lámpada* acentúase porque:**
a. é esdrúxula.
b. é grave acabada en vogal.
c. é grave acabada en ditongo.

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Identificar os demostrativos e as súas funcións.	C	T		C T			T		T	
• Utilizar correctamente todas as formas dos demostrativos.		C	C							
• Recordar as normas de acentuación.			T		C	C	C			T
• Coñecer o vocabulario relacionado coa alimentación.					T			C T		
• Recoñecer os prefixos e o seu significado, e escribir palabras que os leven.	T							T	C	
• Saber describir obxectos desde puntos de vista diferentes.										C

Solucións

Control

- aqueles / • este / • ese / • esta, aquela
- Este, aquel / • aquela / • Estas, aqueles / • estes, aqueles
- proximidade: este, estes, esta, estas / distancia media: ese, eses, esa, esas / afastamento: aquel, aqueles, aquela, aquelas
- este, ese, aquel / aquela, esta, esa / estes, eses / estas, aquelas
- R.M.: canción, móbil, bíceps, non existe (as esdrúxulas acentúanse todas), mantén.
- hipopótamo / caballo / rato / aguiá / tigre / raposa
- cafés: é aguda acabada en s. / • fácil: é grave acabada en consoante distinta de s e ns. / • camión: é aguda acabada en n. / • osíxeno: é esdrúxula
- famento: que ten fame. / • precociñado: comida que vén a medio cociñar. / • dieta: réxime de comidas que consiste en racionar os alimentos.
- precampaña / • antiecolóxico / • desacelerar / • inadecuado / • extraterrestre / • remodelar
- R. L.

Test

- a. retocar.
- a. proximidade.
- a. cando acaben en vogal ou en vogal seguida de **s, n** ou **ns**.
- b. cando van detrás dos substantivos.
- c. famenta.
- b. Facer que algo estea máis solto.
- b. aquel é o meu libro.
- a. cociñado antes.
- c. estas.
- a. é esdrúxula.

Nome _____ Data _____

1. Le o texto e relaciona cada grupo de palabras co personaxe ou cos personaxes a que fai referencia.

Xoán, son María. Xa sabes que o aniversario de Breixo é pasadomañá, non? Eu aínda non escollín o meu regalo e necesito a túa axuda. Breixo axudoume moito ultimamente cos deberes e quería regalarlle algunha cousa especial. Como ti coñeces mellor os seus gustos, poderías botarme unha man? Seguro que, se xuntamos as nosas ideas, se nos ocorre un bo regalo. Chámame cando poidas. Adeus!

Os seus gustos

Xoán

A túa axuda

Breixo

O meu regalo

Xoán e María

As nosas ideas

María

2. Volve escribir estas oracións substituindo os complementos do nome subliñados polos posesivos correspondentes.

- Teño que ir ao piso de David para amañarlle o ordenador.

- Os amigos de Xurxo e as amigas de Sabela non se coñecen.

- Díxolle o nome dela; era tan estraño coma os apelidos deles.

3. Completa estas oracións cos posesivos que cumbran.

- Clara e Paulo teñen dous rapaces: son os _____ fillos.
- Teño unha irmá: é a _____ irmá.
- Levo un patinete: é o _____ patinete.
- Escribiu un poema: é o _____ poema.
- Nós inventaremos un xogo: será o _____ xogo.


4. Acentúa as palabras con ditongo que o precisen.

- Co periodico de hoxe regalaban un axouxere.
- O naufrago soviético gozaba vivindo nun medio acuático.
- Un noies e un vilagarcian foron a un partido de beisbol.

5. Acentúa as palabras con hiato que o precisen.

- Non me gustan as bebidas frias nin con cafeína.
- Na rua onde vivo caeu hoxe un transeunte.
- Oin que vas pescar ao río os sábados e á baía os domingos.
- Aínda que diga que é unha película boísima, non te fies del.

6. Escribe o nome de cada debuxo acompañado da forma do artigo que corresponda.



7. Agrupa as palabras da dereita segundo o sentido a que remiten.

- _____ e _____
- _____ e _____
- _____ e _____

fedor	tacto
suave	escoitar
oído	ulir

8. Arrodeia os sufixos nas palabras en que os haxa.

- saboroso • intocable • vermello • cazador • retiro
- gato • antiaéreo • chaqueta • roda • papagaio

9. Escribe a forma resultante de engadir cada sufixo ás palabras indicadas.

- camiño + ante ▶ _____
- leite + aría ▶ _____
- tocar + dor ▶ _____
- cociña + eiro ▶ _____
- azul + ado ▶ _____
- verbo + al ▶ _____

10. Escribe tres palabras con cada sufixo.

- -dor ▶ _____
- -eiro ▶ _____

Unidade 3

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Identificar os tipos de posesivos e as súas funcións.	C T				T			T		
• Utilizar correctamente todas as formas dos posesivos.		C	C							
• Acentúa correctamente ditongos e hiatos.		T	T	C	C	C			T	T
• Coñecer o vocabulario relacionado cos sentidos.				T			C			
• Recoñecer os sufixos e o seu significado, e escribir palabras que os leven.						T		C	C	C
• Coñecer algúns símbolos que se empreguen para coller notas.							T			

Solucións

Control

- O seus gustos: Breixo / • A túa axuda: Xoán / • O meu regalo: María / • As nosas ideas: Xoán e María
- ao seu piso. / • Os seus; as súas. / • o seu nome; os seus apelidos.
- os seus fillos / • a miña irmá/ • o meu patinete / • o seu poema / • o noso xogo
- periódico, axóuxere / • naufrago, soviético, acuático / • noiés, vilagarcían, béisbol
- frías, cafeína / • rúa, transeúnte / • oín, río, baía / • aínda, boísima, fíes
- a ovella / a iguana / a uña
- fedor e ulir / • suave e tacto / • oído e escoitar
- saboroso / • intocable / • cazador
- camiñante / • tocador / • azulado / • leitaría / • cocifeiro / • verbal
- R. L.

Test

- a. voso.
- c. gardián.
- a. ruído, c. saúdo
- a. saborear.
- a. determinante.
- b. -oso.
- b. por.
- b. que a táboa ten un posuidor e pertence á persoa que fala.
- b. é hiato.
- b. saída.

Nome _____ Data _____

1. Arrodea os indefinidos que atopas neste texto.

Un invento con fallo

Moitos inventos foron rexeitados porque non eran prácticos. Hai uns cantos anos eu inventei as zapatillas eléctricas.

Ás veces camiñamos moitas horas ou estamos dereitos demasiado tempo, e iso fai que nos cansemos. Eu pensaba que, aplicándolles aos pés algúns volts de corrente, se estimularían e se evitaría ese cansazo, sen ningún perigo para as persoas. Pero foi un desastre!



2. Di se os determinantes seguintes son numerais ou indefinidos.

- | | |
|--------------------|---------------------|
| • ningún ▶ _____ | • once ▶ _____ |
| • Primeiro ▶ _____ | • bastantes ▶ _____ |
| • Poucos ▶ _____ | • nada ▶ _____ |
| • cuarto ▶ _____ | • tres ▶ _____ |

3. Escribe ao carón de cada cardinal as formas masculina e feminina singular do ordinal correspondente.

- | | |
|----------------------------------|------------------------|
| • dous ▶ <i>segundo, segunda</i> | • catro ▶ _____, _____ |
| • oito ▶ _____, _____ | • un ▶ _____, _____ |
| • seis ▶ _____, _____ | • tres ▶ _____, _____ |
| • vinte ▶ _____, _____ | • dez ▶ _____, _____ |
| • nove ▶ _____, _____ | • doce ▶ _____, _____ |

4. Completa as oracións cun indefinido axeitado.

- Hai _____ días que non sei nada do meu curmán.
- Neste prato non hai _____ comida.
- Tes _____ problema para facer iso se cho pido?
- No cine, eramos _____ aquel día.
- No armario tes _____ roupa, non cres?

5. Completa cada oración coa palabra axeitada en cada caso.

- | | |
|-----------------|-------------------------------------------------------|
| compre / cómpre | • A ese debuxo _____ que lle deas máis cor. |
| fora / fóra | • Dixo que ela _____ buscar o libro á biblioteca. |
| vén / ven | • Mariña _____ todos os días no mesmo autobús ca min. |

6. Escribe o nome de cada elemento e arrodea aquel que leva acento diacrítico.





p

7. Escribe unha oración con cada unha destas palabras con acento diacrítico

- présa ▶ _____
- vós ▶ _____

8. Di que verbo se forma a partir se cada onomatopea.



9. Escribe unha oración con cada parella de palabras.

- berce / arrolar

- entretido / globo

10. Redacta unha noticia a partir destes datos.

QUE? ▶ Corte de tráfico
QUEN? ▶ A policía local
CANDO? ▶ Onte pola tarde

ONDE? ▶ Praza de Vilagrande
POR QUE? ▶ Festa infantil e concerto da coral da vila á noite

Nome _____

Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. A palabra *trinta* é un:

- a. numeral cardinal.
- b. numeral ordinal.
- c. indefinido.

2. A forma verbal *vén* leva acento:

- a. para indicar que é unha forma verbal aguda.
- b. para diferenciala da forma verbal *ven* do verbo *ver*.
- c. para indicar que é una palabra monosílaba.

3. A onomatopea do gato é:

- a. meu, meu.
- b. mou, mou.
- c. miau, miau.

4. Temos que poñerlle acento diacrítico á palabra destacada na oración:

- a. Cando eu cheguei, xa ela **fora** mercar o pan.
- b. Deixou a roupa colgada **fora** e mollouse toda.
- c. El **fora** o director do museo xa hai varios anos.

5. É invariable o indefinido:

- a. bastante.
- b. calquera.
- c. moito.

6. Para redactar unha noticia, cómpre responder a pregunta:

- a. Como pasou?
- b. Que pasou?
- c. Que tempo ía?

7. É onomatopeica a palabra:

- a. bear.
- b. brincar.
- c. voar.

8. No grupo nominal «demasiado pan», o indefinido realiza a función de:

- a. núcleo.
- b. determinante.
- c. complemento.

9. A terceira persoa do presente de indicativo do verbo *vir* é:

- a. ben.
- b. vén.
- c. ven.

10. O leito do bebé chámase:

- a. berce.
- b. cuna.
- c. coche.

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Identificar os indefinidos e os numerais, e saber a súa función.	C T	C			T			T		
• Escribir correctamente os indefinidos e os numerais.			C	C						
• Coñecer e aplicar as regras de uso do acento diacrítico.		T		T	C	C	C		T	
• Coñecer vocabulario relacionado cos bebés.									C	T
• Recoñecer e utilizar as palabras onomatopeicas.			T				T	C		
• Coñecer os trazos básicos dunha noticia e saber redactala.						T				C

Solucións

Control

1. **moitos** inventos / **uns cantos** anos / **moitas** horas / **demasiado** tempo / **algúns** voltios / **ningún** perigo
2. • **ningún**: indefinido / • **primeiro**: numeral /
• **poucos**: indefinido / • **cuarto**: numeral / • **once**: numeral /
• **bastantes**: indefinido / • **nada**: indefinido /
• **tres**: numeral
3. • oitavo, oitava / • sexto, sexta / • vixésimo, vixésima /
• noveno, novena / • cuarto, cuarta / • primeiro, primeira /
• terceiro, terceira / • décimo, décima / • duodécimo, duodécima
4. R.M. • Hai **algúns** días que non sei nada do meu curmán. /
• Neste prato non hai **ningunha** comida. /
• Tes **algún** problema para facer iso se cho pido? /
• No cine, eramos **moitos** aquel día. / • No armario tes **demasiada** roupa, non cres?
5. • A ese debuxo **cómpre** que lle deas máis cor.
• Dixo que ela **fora** buscar o libro á biblioteca. • Mariña **vén** todos os días no mesmo autobús ca min.
6. Oso, bóla, pé, óso, pe.
7. R.M. Sempre anda con **présa**. E **vós** cando marchades?
8. tintinar / bufar / piar / chapuzar
9. R.M. • A nai arrolaba o berce do fillo. / • O neno está moi entretido co seu globo.
10. R.M. Onte á tarde, a policía de Vilagrande pechou a circulación na praza da vila. A razón foi a celebración dunha festa infantil e dun concerto que ía dar a coral da vila pola noite. O acto foi todo o un éxito.

Test

1. a. numeral cardinal.
2. b. para diferenciala da forma verbal *ven* do verbo *ver*.
3. c. miau, miau
4. b. Deixou a roupa colgada fóra e mollouse toda.
5. b. calquera.
6. b. Que pasou?
7. a. bear.
8. b. determinante.
9. b. vén.
10. a. berce.

Nome _____ Data _____

1. Separa a raíz e a desinencia destas formas verbais, coma no exemplo.

- serve ▶ serv + e
- falaba ▶ _____
- durmiría ▶ _____
- baten ▶ _____
- Temiamos ▶ _____
- escoites ▶ _____

2. Escribe o infinitivo destas formas verbais e indica a conjugación.

	choraban	servimos	rescatara	comprende	correrei
infinitivo					
conjugación					

3. Escribe tres formas verbais engadíndolle desinencias diferentes a cada raíz.

- debux- ▶ _____, _____, _____
- abr- ▶ _____, _____, _____
- coñec- ▶ _____, _____, _____

4. Observa o código e pinta os verbos segundo a que conjugación pertencen.

Vermello → 1.^a conjugación
 Verde → 2.^a conjugación
 Azul → 3.^a conjugación

durmiu	reciban	escribes	sabía	montes
bailaba	escapei	sentía	decida	crecen
corres	naceu	atopes	pasarei	fuxirás

5. Completa cada oración coa forma axeitada: e ou é.

- Esta non ___ a mellor maneira de facelo ___ ademais levaranos máis tempo.
- A reunión ___ o sábado; comeza ás oito ___ durará unha hora.
- María ___ enxeñeira ___ o seu irmán ___ carpinteiro.
- Esa película ___ moi divertida ___ ten actores moi bos.
- ___ verdade que marchou o mércores ___ aínda non chamou?

6. Relaciona cada forma co seu significado.

- | | |
|-------|------------------------------------------------|
| dás • | • contracción <i>de + as</i> |
| das • | • 3. ^a persoa do verbo <i>dar</i> . |
| dá • | • nota musical |
| da • | • 2. ^a persoa do verbo <i>dar</i> . |
| dó • | • contracción <i>de + o</i> |
| do • | • contracción <i>de + a</i> . |

7. Completa estas oracións coas formas da actividade anterior que cumpra.

- Atopei o erro ___ partitura, estaba na nota ___ .
- El sempre me ___ dalgunha ___ larpeiradas que merca.
- Se non ___ feito os deberes antes, falos despois ___ merenda.

8. Define.

- padiola ► _____
- xarope ► _____
- receitar ► _____

9. Relaciona cada palabra tabú co eufemismo correspondente.

- | | | | | |
|------------|---------|-------|--------|-----------|
| defunción | parado | cego | váter | vello |
| desocupado | inodoro | morte | anción | invidente |

10. Le a situación e completa o fragmento do impreso expoñendo a queixa.


Os vestiarios do polideportivo municipal teñen algunhas duchas avariadas e a pintura dos bancos está caendo. Por iso, formulas unha queixa ao concello.

B. EXPOSICIÓN

Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. **As palabras que se consideran ofensivas chámanse:**
 - a. eufemismos.
 - b. palabras tabú.
 - c. malsoantes.
2. **A raíz da forma verbal *escoitaches* é:**
 - a. escoit-.
 - b. escoitach-.
 - c. escoi-.
3. **As formas verbais están formadas por:**
 - a. un infinitivo.
 - b. unha conxugación.
 - c. unha raíz e unha desinencia.
4. **Un impreso serve para:**
 - a. imprimir un documento.
 - b. comunicar unha queixa ou unha suxestión.
 - c. expresar a nosa opinión.
5. **É o nome dunha nota musical a palabra:**
 - a. dó.
 - b. do.
 - c. só.
6. **A parte invariable do verbo é:**
 - a. a raíz.
 - b. a desinencia.
 - c. o infinitivo.
7. **É un tabú a palabra:**
 - a. tolo.
 - b. demente.
 - c. enfermo.
8. **O conxunto de todas as formas dun verbo é:**
 - a. a súa conxunción.
 - b. a súa conxugación.
 - c. a súa formación.
9. **O feminino de chan é:**
 - a. cha
 - b. chá.
 - c. chan
10. **O que se observa nesta imaxe é:**
 - a. un xarope.
 - b. unha xiringa.
 - c. unha padiola.



	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Identificar a raíz e a desinencia dos verbos, e escribir formas verbais a partir de raíces dadas.	C	T	C			T				
• Recoñecer o infinitivo e a conxugación das formas verbais.		C	T	C				T		
• Coñecer a función do acento diacrítico e empregalo ben.					C T	C	C		T	
• Coñecer vocabulario relacionado coa saúde.								C		T
• Recoñecer e utilizar as palabras tabú e os eufemismos.	T						T		C	
• Coñecer os trazos básicos dun impreso e saber redactar un.				T						C

Solucións

Control

- durm + iría / • tem + iamos / • fal + aba / • bat + en / • escoit + es
- chorar, primeira / servir, terceira / rescatar, primeira / comprender, segunda / correr, segunda
- R.M. • debuxen, debuxabas, debuxará / • abriu, abrirás, abrías / • coñeces, coñecerá, coñecen
- 1.^a **conx.**: bailaba, escapei, atopos, pasarei, montes
2.^a **conx.**: corres, nace, sabía, crecen
3.^a **conx.**: durmiu, reciban, escribes, sentía, decida, fuxirás
- Esta non **é** a mellor maneira de facelo **e** ademais levaranos máis tempo. • A reunión **é** o sábado, comeza ás oito **e** durará unha hora. • María **é** enxeñeira **e** seu irmán **é** carpinteiro.
• Esa película **é** moi divertida **e** ten actores moi bos.
• **É** verdade que marchou o mércores **e** aínda non chamou?
- dás: 2.^a pers. do verbo *dar* / das: contracción de *de + as* / dá: 3.^a persoa do verbo *dar* / da: contracción de *de + a* / dó: nota musical / do: contracción de *de+o*
- da; dó; • dá; das • dás; da
- **padiola**: cama lixeira para transportar enfermos. /
• **xarope**: líquido con azucre que contén un medicamento. /
• **receitar**: escribir o médico unha receita.
- defunción – morte / parado – desocupado / cego – invidente / váter – inodoro / vello – ancián
- R.M. Infórmoos de que nos vestiarios do polideportivo hai algunhas duchas avariadas e, ademais, algúns bancos sen pintura. Por iso solicito que tomen as medidas oportunas para solucionar o problema.

Test

- b. palabras tabú.
- a. escoit-.
- c. unha raíz e unha desinencia.
- b. comunicar unha queixa ou unha suxestión
- a. dó.
- a. a raíz.
- a. tolo
- b. a súa conxugación.
- b. chá
- b. unha xiringa.

Nome _____ Data _____

1. Indica a persoa e o número destas formas verbais.

- queres ▶ _____
- facia des ▶ _____
- comeu ▶ _____
- cantamos ▶ _____
- erguerás ▶ _____
- cosería ▶ _____

2. Fíxate no exemplo e escribe dúas formas verbais de cada verbo que estean na persoa e no número indicados.

- TOCAR (primeira persoa do singular) ▶ *toque* *tocarei*
- CONSEGUIR (segunda persoa do plural) ▶ _____
- PEITEAR (segunda persoa do singular) ▶ _____
- ESCOLLER (terceira persoa do plural) ▶ _____

3. Subliña a forma verbal de cada oración e di en que modo está.

- Xoán, non veñas tarde! ▶ _____
- Chegou un pouco cedo. ▶ _____
- Que vaia convosco! ▶ _____
- Abride a ventá. ▶ _____



4. Relaciona cada forma verbal co tempo en que estea.

- estudades •
- traballarás •
- coñeceu •
- falaron •
- agradezo •
- cean •

PASADO

PRESENTE

FUTURO

- camiñaredes
- escribín
- recolliches
- fuxira
- dicían
- farás

5. Clasifica estas formas verbais nas táboas.

- lembrado
- agarrando
- durmir
- ceando
- tido
- pechar

infinitivo	xerundio	participio
_____	_____	_____

6. Explica a regra de acentuación dos seguintes estranxeirismos.

- fútbol ▶ _____
- xampú ▶ _____

7. Escribe unha orde para cada enunciado, coma no exemplo.

- Mariña pide a Xoán que a acompañe á estación.
Xoán, acompáñame á estación.
- Un neno quere que seu pai lle prepare un bocadillo.
Papá, _____
- Unha nai dille á súa filla Iria que se levante da cama xa.

- O profesor pídelles aos alumnos que se preparen para saír.

8. Escribe a palabra composta resultante de unir as seguintes.

- balón cesto ▶ _____
- vídeo xogo ▶ _____
- garda po ▶ _____
- pasa mans ▶ _____

9. Escribe una oración que conteña cada parella de palabras homónimas.

- doce / doce

- rabo / ravo

- queixo / queixo

10. Redacta catro normas de seguridade que deberían cumprirse nun carrusel.

NORMAS DO CARRUSEL
• _____
• _____
• _____
• _____

Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. As palabras compostas que están plenamente unidas:

- a. seguen as regras xerais de acentuación.
- b. non se acentúan nunca.
- c. leva acento cada unha das palabras que a forman.

2. O xerundio do verbo *fuxir* é:

- a. fuxido.
- b. fuxindo.
- c. fuxir.

3. Nun espello, vémonos:

- a. reflexionados
- b. reflectidos.
- c. reflectados.

4. Está en subxuntivo o verbo da oración:

- a. Pecha a porta.
- b. Non veñas tarde.
- c. Mañá será un gran día.

5. Chámanse palabras homónimas:

- a. as que se escriben igual.
- b. as que se pronuncian igual.
- c. as que teñen o mesmo significado.

6. A acentuación correcta da forma verbal *recollerá* co pronome *te* posposto é:

- a. recollerate.
- b. recolleráte.
- c. recollérate.

7. O debuxo da dereita representa:

- a. unha roda.
- b. unha nora.
- c. un carrusel.



8. É unha forma non persoal:

- a. o infinitivo.
- b. o presente.
- c. o indicativo.

9. Está en segunda persoa do plural a forma:

- a. iremos.
- b. vas.
- c. iredes.

10. A palabra composta que está correctamente acentuada é:

- a. traxico-cómico
- b. tráxico-comico.
- c. tráxico-cómico.

Unidade 6

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Recoñecer a persoa e o número das formas verbais e saber escribilas.	C	C							T	
• Identificar os modos e os tempos verbais.			C	C T						
• Saber cales son as formas non persoais e distinguilas das persoais.		T			C			T		
• Coñecer e aplicar regras de acentuación en casos especiais.	T					C T	C	C		T
• Coñecer o vocabulario relacionado coas atraccións de festa.			T				T			
• Recoñecer e utilizar as palabras homónimas.					T				C	
• Coñecer os trazos básicos das normas de seguridade e saber redactar algunhas.										C

Solucións

Control

- **queres**: segunda, singular / • **faciades**: segunda, plural / • **comeu**: terceira, singular / • **cantamos**: primeira, plural / • **erguerás**: segunda, singular / • **cosería**: primeira ou terceira, singular
- R.M. • **consigades**, **conseguires** / • **peiteas**, **peiteabas** / • **escollan**, **escolleron**
- **veñas**: subxuntivo / • **chegou**: indicativo / • **vaia**: subxuntivo / • **abride**: imperativo
- Pasado**: coñeceu, falaron, recolliches, escribín, fuxira, dicían
Presente: estudades, agradezo, cean
Futuro: traballarás, camiñaredes, farás
- Infinitivo**: durmir, pechar / **Xerundio**: agarrando, ceando / **Participio**: lembrado, tido.
- fútbol, palabra grave rematada en consoante distinta de n ou s. / • xampú, palabra aguda rematada en vogal.
- Papá, prepárame un bocadillo. / • Iria, levántate xa. / • Alumnos, preparádevos para saír.
- baloncesto • gardapó • videoxogo • pasamáns
- R.M. • Ás doce da noite apeteceulle comer un doce. / • O can púxose a roer un ravo e sacudía contento o rabo. / • Tes unha frangulla de queixo pegada no queixo.
- R.L.

Test

- a. seguen as regras xerais de acentuación.
- b. fuxindo.
- b. reflectidos.
- b. Non veñas tarde.
- b. as que se pronuncian igual.
- a. recollerate.
- b. unha nora.
- a. o infinitivo.
- c. iredes.
- c. tráxico-cómico.

Nome _____ Data _____

1. Clasifica estas formas verbais de indicativo onde corresponda.

- cantei • tusía • viviramos • verteran • correron • bailaban
- regabas • movera • bebín • xogaras • escribiamos • subistes

Pret. perfecto ▶ _____

Pret. imperfecto ▶ _____

Pret. pluscuamperf. ▶ _____

2. Completa as oracións con formas verbais axeitadas de cada verbo.

- Onte _____ (VISITAR) o zoo con Roi e moito nos _____ (DIVERTIR).
- Nunca o _____ (ENTENDER) se ti non mo _____ (EXPLICAR).
- Xaime non _____ (TER) moitos cartos agora, pero _____ (PENSAR) que mañá _____ (GAÑAR) moitos.

3. Di se estas formas verbais corresponden ao pretérito, o presente ou futuro, e qué tempo son.

- camiñaba ▶ tempo pretérito, imperfecto.
- estudara ▶ _____
- preguntan ▶ _____
- lin ▶ _____
- pecharei ▶ _____

4. Relaciona cada forma verbal co tempo de indicativo en que está conxugado.

falabas	falaría	falaches	falaran	falarei	falan
---------	---------	----------	---------	---------	-------

pretérito imperfecto	pretérito perfecto	presente	condicional	pretérito pluscuamperf.	futuro
----------------------	--------------------	----------	-------------	-------------------------	--------

5. Escribe tres formas verbais do verbo *rir* en cada tempo de subxuntivo.

- Presente ▶ _____
- Pretérito imperfecto ▶ _____

6. Completa cada palabra coa sílaba inicial que falta e que contén b.

- ___ sílabo
- ___ liñar
- ___ bulla
- ___ titular
- ___ fanda
- ___ marino
- ___ avoa
- ___ solver
- ___ motor
- ___ car

7. Escribe as oracións substituíndo a definición marcada pola palabra definida. Fíxate que ten que ter a grafía do son b.

- Faremos unha torta con o froito da abeleira.

- Pecha ben a chave que dá paso á auga que está pingando.

- Este paquete de patacas fritas está sen ningún contido.

8. Escribe unha forma do pretérito imperfecto de indicativo destes verbos.

- limpar ► _____
- acabar ► _____
- falar ► _____
- xantar ► _____

9. Relaciona as palabras que sexan parónimas.

especie	afecto	enerxía	adapta	actitude
elexía	adopta	aptitude	especia	efecto

10. Escolle unha das noticias seguintes e escribe un breve artigo en que expoñas o que pensas.

Onte inaugurouse o novo parque eólico na Costa da Morte.	O concello construírá un ecoparque na vila onde se levarán os residuos.	A Consellaría dá axudas para a reciclaxe dos electrodomésticos.
----------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------

Unidade 7

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Escribir formas verbais nos tempos axeitados.		C			C					
• Identificar os diversos tipos de tempos verbais e recoñecer as formas verbais.	C T		C T	C					T	
• Coñecer e aplicar regras de escritura da grafía b					T	C T	C T	C T		T
• Coñecer vocabulario relacionado coa enerxía.		T								
• Recoñecer e utilizar as palabras parónimas.				T					C	
• Coñecer os trazos básicos dun artigo de opinión e saber redactar un.										C

Solucións

Control

1. **pret. perfecto:** cantei, bebín, correron, subistes / **pret. imperfecto:** regabas, tusía, escribíamos, bailaban / **pret. pluscuamperfecto:** movera, vivíramos, verteran, xogaras
2. • Onte **visitei** o zoo con Roi e moito nos **divertimos**. / • Nunca o **entenderei** se ti non mo **explicas**. / • Xaime non **ten** moitos cartos agora, pero **pensa** que mañá **gañará** moitos.
3. • **estudara:** tempo pretérito, pluscuamperfecto / • **preguntan:** tempo presente / • **lin:** tempo pretérito, pretérito perfecto / • **pecharei:** tempo futuro
4. **falabas:** pretérito imperfecto / **falaría:** condicional / **falaches:** pretérito perfecto / **falaran:** pretérito pluscuamperfecto / **falarei:** futuro / **falan:** presente
5. R.M. • ría, ríamos, riades / • rise, rísemos, risen
6. • bisílabo • submarino • subliñar • bisavoa • burbulla • absolver • substitular • bimotor • bufanda • buscar
7. • Faremos unha torta con **abelás**. / • Pecha ben a **billa** que está pingando. / • Este paquete de patacas fritas está **baleiro**.
8. • limpaba • falabas • acababan • xantabades
9. especie – especia / afecto – efecto / enerxía – elexía / adapta – adopta / actitude – aptitude
10. R.L.

Test

1. b. no pasado.
2. a. aforrala.
3. c. o pretérito pluscuamperfecto de indicativo.
4. b. se pronuncian dunha forma moi semellante.
5. c. todos os verbos con infinitivo en *-bir* agás *servir*, *vivir* e *vir*.
6. b. bolboreta.
7. c. *liso* e *lixo*.
8. a. bailaba.
9. b. é incorrecta porque en galego non hai tempos compostos.
10. c. bisavó.

Nome _____ Data _____

1. Escribe a primeira persoa do singular destes verbos nos tempos que se indican.

	presente	pretérito perfecto	futuro
facer			
comprar			
ir			
escribir			

2. Responde estas preguntas.

- Por que os verbos *comprar* e *escribir* son regulares?

- Por que os verbos *facer* e *ir* son irregulares?

3. Arrodea os verbos que sexan defectivos.

- chover
- xogar
- ocorrer
- nevar
- crecer

4. Escribe tres oracións que conteñan, cada unha, un verbo defectivo.

- _____
- _____
- _____

5. Volve escribir as oracións cambiando o destacado polo adxectivo equivalente.

- O corredor chegou no posto número oito.

- Esas zapatillas de deporte teñen un prezo que atrae.

- Leron unha nota que informa sobre esa pandemia.

6. Completa o encrucillado e di a palabra que se oculta na vertical.

1. Flor da caraveleira.
2. Complemento de vestir que se coloca no pescozo.
3. Instrumento usado para varrer.
4. Que ten medo ante calquera dificultade.

1							
2							
3							
4							

A palabra da vertical é _____

7. Pensa e completa con *a ver* ou *haber*.

- _____ se chegas algún día cedo.
- Aquí tiña que _____ un camiño.
- Podía _____ unhas quince persoas.
- Irei eu _____ se o atopo.


8. Arrodeas os grupos de palabras que pertencen ao mesmo campo semántico.

- martelo, cravo, furar
- martelar, cravar, furar
- gusto, olfacto, tacto
- escuro, tenebroso, misterioso
- medroso, temer, tebra
- probar, ulir, aroma

■ Explica por que non pertencen ao mesmo campo semántico os outros grupos.

9. Explica en que se diferencia o trade dun desparafusador.

10. Observa as ilustracións e escribe como farías unha máscara de carnaval.



Materiais que se necesitan:

Instrucións:

Nome _____

Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. Nas instrucións, cómpre incluír:

- a. os materiais que se necesitan e onde se poden comprar.
- b. soamente os pasos que cómpre seguir.
- c. os materiais que se necesitan e a orde que cómpre seguir.

2. Para facer un furado na parede, empregamos:

- a. un trade.
- b. un desaparafusador.
- c. un parafuso.



3. A bruxa leva na man unha:

- a. vasora
- b. basoira
- c. vasoira

4. Os verbos que teñen unha conxugación incompleta chámanse:

- a. regulares.
- b. irregulares.
- c. defectivos.

5. Pertencen a un mesmo campo semántico:

- a. as palabras que son da mesma clase.
- b. as palabras relacionadas cun mesmo tema.
- c. as palabras da mesma clase e relacionadas cun mesmo tema.

6. É defectivo o verbo:

- a. lostregar.
- b. escoitar.
- c. bufar.

7. Para saber se un verbo é irregular, cómpre conxugalo:

- a. no presente, no pretérito imperfecto e no futuro.
- b. no presente, no pretérito perfecto e no condicional.
- c. no presente, no pretérito perfecto e no futuro.

8. Pertencen ao campo semántico da carpintaría as palabras:

- a. carpinteiro e encolar.
- b. madeira e verniz.
- c. encolar e operar.

9. O verbo *arrincar*, en que o *c* cambia por *qu* cando vai diante de *e* ou *i*, é:

- a. regular.
- b. irregular.
- c. defectivo.

10. A forma correctamente escrita é:

- a. sobrevivir
- b. sobrevibir.
- c. sobrevivir.

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Distinguir os verbos regulares e os irregulares e saber conxugalos.	C	C					T		T	
• Recoñecer os verbos defectivos.			C	C T		T				
• Coñecer regras de escritura do v.			T		C	C	C			T
• Coñecer vocabulario relacionado coas ferramentas.		T							C	
• Recoñecer qué palabras forman un campo semántico.					T			C T		
• Coñecer os trazos básicos dun texto instrutivo e saber redactar un.	T									C

Solucións

Control

- fago, fixen, farei / compro, comprei, comprarei / vou, fun, irei / escribo, escribín, escribirei
- Son regulares porque manteñen a raíz invariable. /
• Son irregulares porque a raíz cambia.
- chover / • ocorrer / • nevar
- R.L.
- O corredor chegou no posto **oitavo**. / • Esas zapatillas **deportivas** teñen un prezo **atractivo**. / • Leron unha nota **informativa** sobre esa pandemia.
- 1: caravel, 2: gravata, 3: vasoira, 4: covarde.
A palabra da vertical é *avoá*.
- **A ver** se chegas algún día cedo. / • Podía **haber** unhas quince persoas. / • Aquí tiña que **haber** un camiño. /
• Irei eu **a ver** se o atopo.
- martelar, cravar, furar / • gusto, olfacto, tacto /
• escuro, tenebroso, misterioso
■ Os outros grupos non pertencen ao mesmo campo semántico porque conteñen palabras de diferentes clases.
- O **trade**: serve para facer buratos na parede. /
O **desaparafusador**: serve para aparafusar ou desaparafusar os parafusos.
- Materiais que se necesitan**: cartolina, rotulador, tesoiras, lapis de cores, goma elástica. / **Instrucións**: Para facer unha máscara, primeiro debuxámola con rotuladores sobre unha cartolina. Despois recortámola coas tesoiras. A continuación, pintarémola coas cores e, finalmente, faremoslle dous furados e pasarémoslle a goma por detrás.

Test

- c. os materiais que se necesitan e a orde que cómpre seguir.
- a. un trade.
- c. vasoira
- c. defectivos.
- c. as palabras da mesma clase e relacionadas cun mesmo tema.
- a. lostregar.
- c. o presente, o pretérito perfecto e o futuro.
- b. madeira e verniz.
- a. regular.
- c. sobrevivir.

Nome _____ Data _____

1. Arrodea os adverbios que atopas nestas oracións.

- Como mañá hai exame, temos que estudar moito.
- Non me gusta nada que volvas tarde á casa.
- Sabía ben onde tiña a videoconsola agochada.
- Quizais chegue máis cedo do que nós pensabamos.
- Aquí vai frío, pero alá a calor é asfixiante.

2. Clasifica os adverbios da actividade anterior segundo do tipo que sexan.

Tipo de adverbio					
tempo	cantidade	lugar	modo	dúbida	negación
_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____

3. Escribe unha oración para cada adverbio.

- adrede ▶ _____
- preto ▶ _____
- ben ▶ _____
- tampouco ▶ _____
- antes ▶ _____

4. Subliña a palabra que complementa cada adverbio e di de que tipo de palabra se trata. Fíxate no exemplo.

- pouco áxil ▶ *adxectivo*
- ben cedo ▶ _____
- foi antes ▶ _____
- moi bonito ▶ _____
- nada fácil ▶ _____
- non estuda ▶ _____

5. Pon h onde cumpra.

- ___ inverno
- ___ armónica
- ___otel
- ___ora
- ___umidade
- ___abitar
- ___orta
- ___irmán
- ___iena
- ___oco
- ___ovo
- ___erba

6. Completa as seguintes oracións coas formas que cumpran en cada caso.

aí

hai

ai

- Na nosa aldea _____ restos do que foi un castro.
- _____, como sinto que non poidas vir.
- Mariña vive _____ desde _____ dez anos.
- Cando _____ que entregar esta redacción?

7. Relaciona cada palabra individual coa colectiva correspondente.

paxaro

árbore

abella

ovella

monte

enxame

serra

bandada

bosque

rabaño

8. Escribe I ou C a carón de cada palabra, segundo sexa individual ou colectiva.

- soldados ▶ _____
- terreo ▶ _____
- bosque ▶ _____
- piñeiro ▶ _____
- alumnado ▶ _____
- exército ▶ _____
- músicos ▶ _____
- flota ▶ _____

9. Escribe a palabra que falta en cada oración.

- O _____ das Baleares está formado por cinco illas.
- Esta costa é moi alta, está chea de _____ vertixinosos.
- Unha _____ é unha entrada do mar na terra máis pequena ca un golfo.

10. Observa o mapa da esquerda e explica a ruta para ir desde a granxa deica á fonte.



Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. É unha palabra colectiva o termo:

- a. árbores. b. compañeiro. c. exército.

2. Os adverbios son palabras invariables porque:

- a. non varían nunca de significado.
b. non varían nunca de xénero nin de número.
c. non varían nunca de persoa.

3. A palabra colectiva relacionada con *prato* é:

- a. vaixela. b. bandexa. c. prateria.

4. A palabra *humidade*:

- a. está mal escrita porque antes de u non se escribe *h*.
b. está ben escrita porque é derivada de *húmido*.
c. está ben escrita porque comeza por un prefixo con *h*.

5. Na oración *Marcos chegou tarde á casa*, o adverbio fai a función de:

- a. complemento do nome.
b. complemento do verbo.
c. complemento doutro adverbio.

6. Serve para orientarse:

- a. un cataventos. b. un compás. c. un astrolabio.

7. A palabra *hai* é:

- a. forma verbal de *haber*. b. adverbio de lugar. c. exclamación de queixa.

8. É un adverbio de cantidade a palabra:

- a. cedo b. axiña. c. abondo.

9. Son palabras colectivas:

- a. as que nomean diversos elementos.
b. as que nomean un só elemento e están en plural.
c. as que nomean un conxunto de elementos e están en singular.

10. O adverbio *abofé* indica unha circunstancia de:

- a. tempo. b. afirmación. c. modo.

Unidade 9

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Identificar os adverbios, os seus tipos e as funcións que poden realizar.	C	C T		C	T			T		T
• Utilizar os adverbios axeitadamente.			C							
• Coñecer regras de uso do h .				T	C	C	T			
• Coñecer vocabulario relacionado coa paisaxe.						T			C	
• Recoñecer e utilizar as palabras individuais e as colectivas.	T		T				C	C	T	
• Explicar unha ruta de forma precisa.										C

Solucións

Control

- Como **mañá** hai exame, temos que estudar **moito**. / • **Non** me gusta **nada** que volvas **tarde** á casa. / • Sabía **ben onde** tiña a videoconsola agochada. / • **Quizais** chegue **máis cedo** do que pensabamos. / • **Aquí** vai frío, pero **alá** a calor é asfixiante.
- tempo**: mañá, tarde, cedo / **cantidade**: moito, nada, máis / **lugar**: onde, aquí, alá / **modo**: ben / **dúbida**: quizais / **negación**: non
- R.L.
- **foi** antes: verbo / • nada **fácil**: adxectivo / • ben **cedo**: adverbio / • moi **bonito**: adxectivo / • non **estuda**: verbo
- inverno / • **harmónica** / • **hotel** / • **hora** / • **humidade** / • **habitar** / • **horta** / • irmán / • **hiena** / • oco / • ovo / • **herba**
- Na nosa aldea **hai** restos do que foi un castro. / • **Ai**, como sinto que non poidas vir. / • Mariña vive **aí** desde **hai** dez anos. / • Cando **hai** que entregar a redacción?
- paxaro – bandada / árbore – bosque / abella – enxame / ovella – rabaño / serra – montaña
- soldados: I / • alumnado: C / • terreo: I / • exército: C / • bosque: C / • músicos: I / • piñeiro: I / • flota: C
- arquipélago / • cantís / • baía
- R.L. Para ir desde a casa ata a fonte, compre coller o camiño da dereita e seguir recto deica chegar ao río. Despois cómpre bordealo ata atopar a ponte e, unha vez na outra banda, seguir o camiño por entre o bosque deica chegar á fonte,

Test


- c. exército.
- b. non varían nunca de xénero nin de número.
- a. vaixela.
- b. está ben escrita porque é derivada de *húmido*.
- b. complemento do verbo.
- b. un compás.
- a. forma do verbo *haber*.
- c. abondo.
- c. as que nomean un conxunto de elementos e están en singular.
- b. afirmación.

Nome _____ Data _____

1. Arrodea de cores diferentes as preposicións e as conxuncións.



as preposicións



a conxuncións

- pero • contra • e • de • con • senón • a • ou • nin • sobre

2. Relaciona as palabras das columnas e escribe os grupos nominais que resulten.

café •	• cara a •	• leite	▶ <i>café con leite</i>
camisa •	• para •	• liño	▶ _____
tren •	• con •	• ti	▶ _____
regalo •	• de •	• Lugo	▶ _____

3. Completa cada oración engadindo ás palabras destacadas un complemento introducido por unha preposición.

- Mariña **foi** _____ aquela tardiña.
- O coche **desviouse** _____ e caeu ao río.
- Vou pedir **unha sopa** _____ para cear.
- Para almorzar, tomaremos **chocolate** _____.
- Como vai frío, poñerei o **xersei** _____.

4. Cubre os ocos destas oracións coa conxunción correspondente, e escribe ao carón se a conxunción é copulativa, disxuntiva ou adversativa.

nin

pero

senón

e

ou

- Rosa _____ Miguel están os dous enfermos. ▶ _____
- Non comerei cocido _____ tampouco caldo. ▶ _____
- Quería ir ao cine, _____ estou canso. ▶ _____
- Non foi Paula _____ Ana, a culpable. ▶ _____
- Decide xa, macarróns _____ espaguetes? ▶ _____

5. Escolle a palabra axeitada e completa cada oración.

- esperto / experto ▶ Xermán é _____ en resolver encrucillados.
- texto / testo ▶ Escribiu un _____ de dous folios.

6. Arrodea o erro que hai en cada oración e copia, ao carón, a forma correcta desa palabra.

- Esa parexa de cans trouxéronlla do estranxeiro. ▶ _____
- Os paxaseiros baixaron do autobús axiña. ▶ _____
- Antoxóuselle mercar un estoxo novo. ▶ _____
- Eu non vexo películas de estraterrestres. ▶ _____

7. Escribe unha oración con cada palabra.

- plataforma ▶ _____
- embarcar ▶ _____

8. Di a que palabra fai referencia cada significado e marca que sentido ten.

- escalar
- embarcar
- durmirse
- atravesar

	palabra	sentido literal	sentido figurado
• Facer moi pouco a pouco unha cousa.			
• Entrar nun vehículo para facer unha viaxe.			
• Pasar a través dalgunha cousa.			
• Tratar de alcanzar unha posición social elevada.			

9. Explica para que serven as follas de reclamacións.

■ Ordena con números as partes de que ten que constar unha reclamación.

- Lugar e data Proposta de solución Datos persoais Motivo

10. Redacta unha reclamación para queixarte ao concello da túa localidade de que hai tres días que o camión do lixo non pasa pola túa rúa.

Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. O enlace *pero* é unha conxunción:
a. copulativa. b. disxuntiva. c. adversativa.
2. Contén un significado figurado de *río* a oración:
a. Pola rúa baixa un enorme río de xente.
b. A ponte rompeu e non podemos cruzar o río.
c. Eu non me río con ese tipo de bromas.
3. Contén o son do *x* de *xeo* a palabra:
a. exame. b. teixo. c. axila.
4. Para enlazar dúas oracións podemos empregar:
a. unha preposición. b. unha conxunción. c. un verbo.
5. O significado literal dunha palabra é:
a. o significado que ten na orixe.
b. un significado diferente do orixinal, creado a partir dun uso expresivo.
c. un dos dous significados dunha palabra.
6. Está mal escrita a palabra:
a. estraoficial. b. estragar. c. estrada.
7. As conxuncións copulativas expresan:
a. a idea de suma ou acumulación.
b. a idea de opción.
c. a idea de oposición ou contraste.
8. Unha das preposicións máis frecuentes é:
a. e. b. con. c. senón
9. Na palabra "*pare*a*" falta:
a. a letra *x*. b. a letra *s*. c. o dígrafo *ll*.
10. O significado figurado de *xoía* é:
a. Ornamento feito con ouro, prata ou pedras preciosas.
b. Persoa moi amable e que cumpre todas as súas obrigas.
c. Grande alegría.

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Identificar as preposicións e as conxuncións e os seus tipos.	C T			T			T	T		
• Utilizar as preposicións e as conxuncións de forma correcta.		C	C	C						
• Usar correctamente a grafía x.			T		C	C T			T	
• Coñecer o vocabulario relacionado coas viaxes.							C			
• Recoñecer o significado literal e o significado figurado das palabras.		T			T			C		T
• Coñecer os trazos básicos das follas de reclamacións e saber redactar unha.									C	C

Solucións

Control

1. **Preposicións:** contra, de, con, a, sobre / **Conxuncións:** pero, e, senón, ou, nin
2. camisa de liño / tren cara a Lugo / regalo para ti
3. R.M. • a Monforte / • da estrada / • de fideos / • con churros / • de la
4. • **e:** copulativa / • **nin:** copulativa / • **pero:** adversativa / • **senón:** adversativa / • **ou:** disxuntiva
5. • Xermán é **experto** en resolver encrucillados. / • Escribín un **texto** de dous folios.
6. • incorrecta: parexa – correcta: parella / • incorrecta: paxaseiros – correcta: pasaxeiros / • incorrecta: antoxóuselle – correcta: antollóuselle / • incorrecta: estraterrestres; correcto: extraterrestres
7. • **plataforma:** superficie chá das estacións de tren pola que andan os pasaxeiros, **embarcar:** subir a un barco, un tren ou un avión.
8. • durmirse: sentido figurado / • embarcar: sentido literal / • atravesar: sentido literal / • escalar: sentido figurado
9. Serven para expoñer unha queixa por escrito.
 - 1. Datos persoais / 2. Motivo /
 - 3. Proposta de solución / 4. Lugar e data
10. R.L.

Test

1. c. adversativa.
2. a. Pola rúa baixa un río de xente.
3. b. teixo.
4. b. unha conxunción.
5. a. o significado que ten na orixe.
6. a. estraoficial.
7. a. a idea de suma ou acumulación.
8. b. con.
9. c. o dígrafo II.
10. b. persoa moi amable e que cumpre todas as súas obrigas.

Nome _____ Data _____

1. Di se estes enunciados son frases ou oracións.

Tes moita razón.	oracións	Silencio absoluto!
Que mágoa!		Non sei facer iso.
Garden silencio!	frases	Deica mañá!
Moi ben, Antía.		Pasádeo ben!

2. Explica en que se diferencian unha frase e unha oración.

3. Transforma estas frases en oracións.

- Que bonito! ▶ _____
- Que mala sorte! ▶ _____
- Cantos coches! ▶ _____

4. Subliña de vermello o suxeito e de azul o predicado de cada oración.

- O can do veciño ten o pelo moi suave.
- Antón e Tareixa veñen hoxe de Londres.
- Estas lentes levan uns vidros especiais.
- Mamá chegou demasiado pronto.

5. Escribe un suxeito axeitado para cada oración.



• _____ ten dous pitiños.

• _____ nadan na piscina.



• _____ pronosticou chuvia.

6. Copia o suxeito léxico das oracións que o teñen ou escribe, ao carón das que non o teñen, cal é o suxeito gramatical.

- Mañá iredes de excursión á montaña. ▶ _____
- Os obreiros remataron o traballo a tempo. ▶ _____
- Na rúa vimos un coche igualiño ao noso. ▶ _____
- Pola tarde meus pais levarannos ao cine. ▶ _____

7. Escribe o nome da profesión a que se refire cada definición.

- Persoa que dirixe a orquestra. ▶ _____
- Persoa que conduce un vehículo. ▶ _____
- Persoa que actúa nunha película. ▶ _____
- Persoa que traduce un texto. ▶ _____

■ Completa a norma.

Esríbese **ct** e **cc** despois das vogais _____, _____ e _____.

Os grupos **ct** e **cc** perden o **c** diante das vogais _____ e _____.

8. Escribe unha oración en que se aprecie o significado de cada palabra.

- aceso ▶ _____
- acceso ▶ _____


9. Arrodeas as palabras que sexan neoloxismos.

- chatear
- reloxo
- microchip
- carta
- tinta
- videófono
- adhesivo
- cibernauta
- estufa
- multimedia

10. Inventa un eslogan para cada produto.







Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. **É un neoloxismo a palabra:**
 - a. multimedia.
 - b. multiplicar.
 - c. comedia.
2. **Está mal escrita a palabra:**
 - a. exato.
 - b. produto.
 - c. recto.
3. **O suxeito que expresa a persoa e o número da forma verbal é:**
 - a. o suxeito léxico.
 - b. o suxeito gramatical.
 - c. o suxeito persoal.
4. **Na oración «Quedei sen *** no móbil», falta a palabra:**
 - a. campaña.
 - b. tarifa.
 - c. cobertura.
5. **O suxeito léxico sempre consta de:**
 - a. determinantes.
 - b. núcleo.
 - c. complementos.
6. **Os neoloxismos serven:**
 - a. para inventar palabras.
 - b. para expresar realidades que ata ese momento non existían.
 - c. para expresar realidades que xa existen.
7. **Os grupos cc e ct conservan o c:**
 - a. despois das vogais i, u.
 - b. despois das vogais a, e.
 - c. despois das vogais a, e, o.
8. **Un dos elementos máis importantes dun anuncio é:**
 - a. a rima.
 - b. o eslogan.
 - c. o logo.
9. **O núcleo do predicado é:**
 - a. un verbo.
 - b. un substantivo.
 - c. un adxectivo.
10. **Unha frase é:**
 - a. calquera grupo de palabras ordenadas con sentido completo.
 - b. un grupo de palabras ordenadas con sentido completo e cun verbo.
 - c. un grupo de palabras ordenadas con sentido completo e sen ningún verbo.

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Coñecer os trazos das frases e das oracións e distinguilas.	C	C	C							T
• Identificar a estrutura básica das oracións: suxeito e predicado.				C					T	
• Coñecer os diversos tipos de suxeito que existen e escribilos.			T		C T	C				
• Coñecer as regras de escritura dos grupos ct e cc .		T					C T	C		
• Coñecer o vocabulario relacionado coa telefonía.				T						
• Recoñecer e utilizar os neoloxismos.	T					T			C	
• Coñecer os trazos básicos dos anuncios publicitarios e saber redactar un.								T		C

Solucións

Control

- **Oracións:** Tes moita razón. / Garden silencio! / Non sei facer iso. / Pasádeo ben!
• **Frases:** Que mágoa! / Moi ben, Antía. / Silencio absoluto! / Deica mañá!
- Unha frase é un enunciado que non contén ningunha forma verbal, mentres que unha oración ten que conter, polo menos, unha.
- R.M. • Este piso é moi bonito! / • Teño unha mala sorte! / • A estrada está chea de coches!
- O can do veciño (S) ten o pelo moi suave (P). / • Antón e Tareixa (S) veñen hoxe de Londres (P). / • Estas lentes (S) levan uns vidros especiais (P). / • Mamá (S) chegou demasiado pronto (P).
- R.M. • **Esta galiña** ten dous pitiños. / • **Marcos e Pedro** nadan na piscina. / • **O home do tempo** prognosticou chuvia.
- vós / • Os obreiros / • nós / • meus pais
- director / • condutor / • actor / • tradutor
Escríbese **ct** e **cc** despois das vogais **a, e e o**.
Os grupos **ct** e **cc** perden o **c** diante das vogais **i e u**.
- R.L.
- chatear / • videófono / • microchip / • cibernauta / • multimedia
- R.L.

Test

- a. multimedia.
- a. exato.
- b. o suxeito gramatical.
- c. cobertura.
- b. núcleo.
- b. Para expresar realidades que ata ese momento non existían.
- c. despois das vogais **a, e, o**.
- b. o eslogan.
- a. un verbo.
- c. un grupo de palabras ordenadas con sentido completo e sen ningún verbo.

Nome _____ Data _____

1. Completa os dous textos coas palabras axeitadas.

atributo copulativo nominal predicativo verbal

- O predicado _____ expresa qué é ou como está o suxeito.
Está formado por un verbo _____ e un _____
- O predicado _____ expresa unha acción ou un proceso e ten como núcleo un verbo _____

2. Completa cada oración cun predicado do tipo indicado.

- Os bombeiros [pr. nominal] ► _____
- Ana mais eu [pr. verbal] ► _____
- A area da praia [pr. nominal] ► _____
- O porteiro do equipo [pr. verbal] ► _____

3. Arrodea os verbos que sexan copulativos.

camiñar • semellar • estirar • durmir • ser • dar • estar • parecer

4. Escribe unha oración con cada un dos verbos copulativos.

- _____
- _____
- _____
- _____

5. Subliña os compoñentes destas oracións seguindo o código e escribe, ao carón de cada unha, se o atributo é un substantivo, un adxectivo ou un grupo nominal.

vermello → o suxeito

azul → o verbo

verde → o atributo

- O meu curmán Afonso é listísimo. ► _____
- O profesor estivo enfermo onte. ► _____
- Con este traxe, Xoán parece un pallaso. ► _____
- A miña veciña Carme foi mestra de música. ► _____

6. Completa cada oración con *senón* ou *se non*, segundo corresponda.

- Agora teño moito traballo _____ iría contigo á praia.
- Non lle gustan os xeados de nata _____ os de limón.
- _____ estades aquí ás oito, marchamos sen vós.
- Este xogo non é de guerra _____ de aventuras.

7. Completa a pregunta con *por que* ou *porque* e despois inventa a resposta.

- _____ non temos escola mañá?
▶ _____
- _____ non te veu buscar?
▶ _____

■ Completa coas dúas oracións interrogativas anteriores de forma indirecta.

- Sabes _____
- Explícame _____

8. Reescribe cada oración empregando a forma *porqué*.

- Nunca lle dixo motivo do seu enfado. ▶ _____
- Quere saber a razón daquel desmaio. ▶ _____

9. Expresa na nosa lingua estas palabras, que proveñen doutras linguas.

- ranking ▶ _____
- fan ▶ _____
- sandwich ▶ _____
- burger ▶ _____

10. Observa estas estatísticas e inventa unha crónica do partido.

Final do torneo escolar de baloncesto

Pavillón Municipal, 500 espectadores
CP Xoán Martelo 65 - CP Álvaro Mouro 70 • Parciais: 20-21 / 15-18 / 16-16 / 14-15
Máximos anotadores: Xoel (CP Xoán Martelo), 16 puntos; Óliver (CP Álvaro Mouro), 20 puntos

Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. Está ben escrita a oración:

- a. Non foi Roi senón Xoel.
- b. Non foi Roi se non Xoel.
- c. Non foi Roi sinón Xoel.

2. O núcleo dun predicado verbal é sempre:

- a. un verbo copulativo.
- b. un verbo predicativo.
- c. un verbo atributivo.

3. Os verbos copulativos son os que:

- a. expresan calidades.
- b. expresan accións e procesos.
- c. unen o suxeito e o atributo.

4. Para referirse a *márketing* débese empregar:

- a. promoción.
- b. marquetin.
- c. mercado.

5. O predicado nominal está formado por:

- a. un verbo predicativo e un atributo.
- b. un verbo copulativo e un complemento.
- c. un verbo copulativo e un atributo.

6. Os chanzos onde senta o público nun estadio son:

- a. as gradas.
- b. as escadas.
- c. as bancadas.

7. A oración «Xa sei por que o fixo» hai unha interrogación:

- a. directa
- b. indirecta.
- c. causal.

8. O atributo expresa:

- a. quen realiza a acción do verbo.
- b. unha calidade ou un estado do suxeito.
- c. a acción que realiza o suxeito.

9. É unha palabra natural da nosa lingua o termo:

- a. ránquing.
- b. ranking.
- c. clasificación.

10. Na oración «Quen mo contou non foi Rita Xiana» hai que escribir:

- a. se non.
- b. porque.
- c. senón.

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
